Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 13 de novembro de 2026
--------o0o--------

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas e dezaseis minutos do día trece de novembro do ano dous mil vinte e seis, baixo a Presidencia de *Luis López Diéguez*, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Rafael Domínguez Artime, Luisa Sánchez Méndez, Roberto José Álvarez Carrero, Juan Pablo Castillo Amigo, Jorge Cubela López, Ricardo Martínez Chantada, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña,* co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.
Da fe do acto María Beatriz del Cerro del Río, Secretaria, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez

Así mesmo, están presentes as deputadas *Paula Bouzós Barros* e *Belén Cachafeiro Anta* e os deputados *Marcos Guisasola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.37917.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 6 de novembro 2026.

2.37918.- APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E AS BASES REGULADORAS DO "PLAN + XUVENTUDE" PARA A CONCESIÓN EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DAS AXUDAS DESTINADAS Á POSTA EN MARCHA DE INICIATIVAS DE INTERESE SOCIAL, PROMOVIDAS POLA XUVENTUDE DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA DURANTE O ANO 2027 (Expte.2026047927)

Primeiro.- A Deputación de Pontevedra, no exercicio das competencias que se lle atribúen na lexislación local vixente, ten o compromiso de deseñar políticas públicas que contribúan a desenvolver as estratexias europeas, nacionais e autonómicas en materia de xuventude e reto demográfico, poñendo en marcha plans concretos de actuación cunha perspectiva de reto demográfico, co fin de cumprir os obxectivos fixados pola Lei 6/2012, de 19 de xuño, de xuventude de Galicia (LXG), e, en particular, pola Lei 5/2021, de 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

É dicir, preténdese impulsar demograficamente a provincia, de acordo cos principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal, desenvolvemento social, económico e ambiental sostible e territorialmente equilibrado, de xeito que as persoas consideren a nosa provincia un lugar idóneo para vivir, con independencia do concello de que se trate.

Este reto supón deseñar e executar políticas públicas dirixidas a que todas as persoas, sexa cal sexa o seu lugar de residencia e a súa idade, teñan acceso aos mesmos servizos públicos, en igualdade de condicións; entre eles, o acceso ao ensino e á formación non regradas, incluída a virtual; a actividades de ocio e tempo libre para todas as idades; e ao emprego, especialmente mediante o impulso á creación de empresas locais e prestándolle especial atención á mocidade, garantindo as condicións necesarias para que esta poida desenvolver o seu proxecto de vida no seu lugar de orixe, non só nos concellos de maior poboación, senón tamén naqueles máis afastados das áreas costeiras ou urbanas.

Segundo.- No marco das tres primeiras convocatorias recibiron subvención preto de 60 proxectos xuvenís por un importe total de máis de 300 mil euros, feito que acredita o interese da mocidade en participar de forma activa na posta en marcha de iniciativas cun grande impacto social, amosándose na última edición o incremento de solicitudes presentadas por asociacións fronte aos grupos informais, cumpríndose de xeito gradual un dos obxectivos perseguidos, o fomento do asociacionismo xuvenil.
Con estes antecedentes, a Deputación de Pontevedra promove unha cuarta convocatoria de axudas co obxectivo de proporcionarlles ás asociacións e aos colectivos xuvenís apoio na posta en marcha de proxectos nos que a xuventude participe de forma activa e directa en actividades concibidas por ela mesma e nas que sexa protagonista, centrándonos nesta cuarta convocatoria no "fomento real e efectivo do asociacionismo" entre a poboación máis nova.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Terceiro.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 34 da LXG, no marco dos principios contemplados no artigo 2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), establécese que as entidades locais poderán asumir competencias en materia de xuventude, entre outras, nas seguintes áreas:

- Creación, mantemento e xestión das actividades, servizos e equipamentos dirixidos á mocidade que se estimen necesarios para garantir unha política integral para este colectivo.
- Impulso ao asociacionismo xuvenil como canle de participación en todas as ordes da vida municipal.
- Pulo e creación de consellos locais de xuventude, de conformidade co recollido na LXG.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Así mesmo, defínense as formas de participación xuvenil nos asuntos públicos e na sociedade civil, fomentando o asociacionismo e a creación dos mencionados consellos locais.

Por outra banda, na mencionada Lei 5/2021 establécese que as administracións locais, no exercicio das súas competencias, se rexerán, entre outros principios, polo impulso da participación dos distintos interlocutores sociais, económicos e da cidadanía no deseño e no desenvolvemento de políticas de impulso demográfico. No seu capítulo IV, baixo o epígrafe "Apoio á xuventude", fíxanse os criterios xerais de actuación no ámbito da mocidade, en particular na formación, no impulso ao emprendemento, á innovación, á tecnoloxía e á creatividade, e no relevo xeracional, entre outros.

Tendo en conta os principios reitores recollidos en ambas as normas, cómpre deseñar políticas públicas destinadas a lograr a participación activa da xuventude a través de proxectos e actividades de carácter cultural, social, ambiental, científico, formativo e de calquera outro tipo dirixidas a fomentar o seu espírito emprendedor e a participación e a mellora das condicións de vida da súa contorna.

Por último, o Pleno da Corporación provincial, na súa sesión ordinaria do 31 de outubro de 2025, Acordo núm. 10.8521, aprobou o I Plan estratéxico de xuventude da Deputación de Pontevedra, que representa un compromiso firme co desenvolvemento integral da poboación moza da provincia, clave para o progreso social, económico e cultural do territorio, e que engloba dentro dos seus eixes de actuación a promoción e posta en marcha de proxectos xuvenís.

Neste contexto, esta liña de subvencións enmárcase dentro das atribucións conferidas no artigo 36.1.d da LRBRL, no que se establece como competencia propia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Cuarto.- A convocatoria está dirixida a apoiar iniciativas colectivas xuvenís e proxectos realizados e ideados en grupo durante o ano 2027 que favorezan e promovan o desenvolvemento persoal e comunitario; contribúan ao apoderamento xuvenil, á formación en valores e á consecución de hábitos saudables; e enriquezan a vida social, económica, científica e cultural da provincia.

Estas iniciativas, deberán de ser promovidas por persoas de entre os 18 e 35 anos de idade e asociacións xuvenís que desenvolvan proxectos que favorezan o desenvolvemento persoal e comunitario, contribúan ao empoderamento xuvenil, a formación en valores, a consecución de hábitos saudables, e enriquezan a vida social, económica, científica e cultural da provincia.
Quinto.- A concesión das axudas tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, segundo os criterios establecidos na base décimo quinta.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Serán destinatarias destas subvencións:

- Asociacións xuvenís prestadoras de servicios dirixidos á xuventude, sen ánimo de lucro, non sometidas a un réxime asociativo específico e que teñan a súa sede social ou conten cunha delegación na provincia de Pontevedra.
- Grupos formados por un mínimo de 3 e un máximo de 8 persoas, que teñan cumpridos os 18 e non superen os 35 anos de idade no momento de presentar a súa solicitude para esta convocatoria, aínda que carezan de personalidade xurídica ao non estar constituídas coma asociación, que propoñan a realización dun proxecto que teña interese xeral e social (en adiante "grupos informais"), segundo o disposto no artigo 50.3 da Lei 6/2012 de 19 de xuño de xuventude de Galicia.

Para fomentar o asociacionismo na provincia, a persoas integrantes dos grupos informais asinarán no formulario da solicitude a declaración responsable onde se comprometan a constituírse como asociación xuvenil. O cumprimento deste compromiso será requisito imprescindible para concorrer ás futuras convocatorias desta liña de subvencións, quedando excluída a súa participación como grupo informal nas seguintes edicións do programa.

Sexto.- As iniciativas presentadas aos efectos desta convocatoria englobaranse nalgunha das seguintes áreas de actuación:

- Saúde, benestar e prevención de riscos
- Cultura, ciencia e innovación
- Participación xuvenil, asociacionismo e voluntariado
- Desenvolvemento rural e reto demográfico
- Protección do medio e loita contra o cambio climático

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Sétimo.- A dotación destinada a esta convocatoria é de 145.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 27/233.2310.480.02, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da súa concesión.
O importe máximo subvencionado por proxecto será de 5.000,00 €.

Oitavo.- A concesión das axudas tramitarase en réxime de concorrencia competitiva.

Para acceder á axuda requirirase unha puntuación mínima de 50 puntos na avaliación dos proxectos. Os criterios que se terán en conta para valorar as solicitudes (máximo de 100 puntos) englobaranse dentro dos seguintes dous subapartados, detallados na base décimo terceira da convocatoria:
A.- Criterios relacionados coa entidade ou co grupo solicitante (máximo de 20 puntos)
B.- Criterios relacionados co proxecto presentado (máximo de 80 puntos)

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Noveno.- As bases publicaranse conxuntamente co seu extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Décimo.- Con data 5 de novembro de 2026, Intervención emite informe de fiscalizado e conforme, indicando que "No vixente orzamento provincial realízase a previsión futura de retención de crédito para o exercicio 2027 mediante o documento RCFUT nº 12026000223233, polo importe de 145.000,00€, quedando condicionado o gasto á aprobación definitiva do orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria que será, no seu caso, a 2027/233.2310.480.02 por tratarse dunha tramitación anticipada ".

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración local de Galicia.
- Lei 27/2013 de °27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Ordenanza xeral de subvencións da deputación de Pontevedra.
- Bases de execución do Orzamento provincial vixente.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

De acordo có exposto, e ao amparo do artigo 36.1.d, da Lei de Bases de Réxime Local, no que se establece que son competencias propias das Deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da Provincia, así como tamén o establecido no artigo 109.1.d, e 118 d) da Lei 5/1997 de 22 de xullo da Administración Local de Galicia, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a convocatoria e as bases reguladoras do programa "Plan + Xuventude": concesión en réxime de concorrencia competitiva das axudas destinadas á posta en marcha de iniciativas de interese social, promovidas pola xuventude da provincia de Pontevedra durante o ano 2027. O gasto, por importe de 145.000,00 € (RCFUT nº 12026000223233), queda condicionado á aprobación definitiva do orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria que será, no seu caso, a 2027/233.2310.480.02 por tratarse dunha tramitación anticipada.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

O teor literal da convocatoria é o seguinte:

"BASES REGULADORAS DA CUARTA CONVOCATORIA DO PLAN +XUVENTUDE, PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DAS AXUDAS DESTINADAS Á POSTA EN MARCHA DE INICIATIVAS DE INTERESE SOCIAL PROMOVIDAS POLA XUVENTUDE DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA DURANTE O ANO 2027 (Expte. 2026047927)

A Deputación de Pontevedra, no exercicio das competencias que se lle atribúen na lexislación local vixente, ten o compromiso de deseñar políticas públicas que contribúan a desenvolver as estratexias europeas, nacionais e autonómicas en materia de xuventude e reto demográfico, poñendo en marcha plans concretos de actuación cunha perspectiva de reto demográfico, co fin de cumprir os obxectivos fixados pola Lei 6/2012, de 19 de xuño, de xuventude de Galicia (LXG), e, en particular, pola Lei 5/2021, de 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia.

É dicir, preténdese impulsar demograficamente a provincia, de acordo cos principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal, desenvolvemento social, económico e ambiental sostible e territorialmente equilibrado, de xeito que as persoas consideren a nosa provincia un lugar idóneo para vivir, con independencia do concello de que se trate.

Este reto supón deseñar e executar políticas públicas dirixidas a que todas as persoas, sexa cal sexa o seu lugar de residencia e a súa idade, teñan acceso aos mesmos servizos públicos, en igualdade de condicións; entre eles, o acceso ao ensino e á formación non regradas, incluída a virtual; a actividades de ocio e tempo libre para todas as idades; e ao emprego, especialmente mediante o impulso á creación de empresas locais e prestándolle especial atención á mocidade, garantindo as condicións necesarias para que esta poida desenvolver o seu proxecto de vida no seu lugar de orixe, non só nos concellos de maior poboación, senón tamén naqueles máis afastados das áreas costeiras ou urbanas.

No marco das tres primeiras convocatorias recibiron subvención preto de 60 proxectos xuvenís por un importe total de máis de 300 mil euros, feito que acredita o interese da mocidade en participar de forma activa na posta en marcha de iniciativas cun grande impacto social, amosándose na última edición o incremento de solicitudes presentadas por asociacións fronte aos grupos informais, cumpríndose de xeito gradual un dos obxectivos perseguidos, o fomento do asociacionismo xuvenil. Con estes antecedentes, a Deputación de Pontevedra promove unha cuarta convocatoria de axudas co obxectivo de proporcionarlles ás asociacións e aos colectivos xuvenís apoio na posta en marcha de proxectos nos que a xuventude participe de forma activa e

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

directa en actividades concibidas por ela mesma e nas que sexa protagonista, centrándonos especialmente nesta cuarta convocatoria no "fomento real e efectivo do asociacionismo" entre a poboación máis nova.

Desde o punto de vista competencial, no artigo 34 da LXG, no marco dos principios contemplados no artigo 2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), establécese que as entidades locais poderán asumir competencias en materia de xuventude, entre outras, nas seguintes áreas:

- *Creación, mantemento e xestión das actividades, servizos e equipamentos dirixidos á mocidade que se estimen necesarios para garantir unha política integral para este colectivo.*
- *Impulso ao asociacionismo xuvenil como canle de participación en todas as ordes da vida municipal.*
- *Pulo e creación de consellos locais de xuventude, de conformidade co recollido na LXG.*

Así mesmo, defínense as formas de participación xuvenil nos asuntos públicos e na sociedade civil, fomentando o asociacionismo e a creación dos mencionados consellos locais.

Por outra banda, na mencionada Lei 5/2021 establécese que as administracións locais, no exercicio das súas competencias, se rexerán, entre outros principios, polo impulso da participación dos distintos interlocutores sociais, económicos e da cidadanía no deseño e no desenvolvemento de políticas de impulso demográfico. No seu capítulo IV, baixo o epígrafe "Apoio á xuventude", fíxanse os criterios xerais de actuación no ámbito da mocidade, en particular na formación, no impulso ao emprendemento, á innovación, á tecnoloxía e á creatividade, e no relevo xeracional, entre outros. Tendo en conta os principios reitores recollidos en ambas as normas, cómpre deseñar políticas públicas destinadas a lograr a participación activa da xuventude a través de proxectos e actividades de carácter cultural, social, ambiental, científico, formativo e de calquera outro tipo dirixidas a fomentar o seu espírito emprendedor e a participación e a mellora das condicións de vida da súa contorna.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Por último, o Pleno da Corporación provincial, na súa sesión ordinaria do 31 de outubro de 2025, Acordo núm. 10.8521, aprobou o I Plan estratéxico de xuventude da Deputación de Pontevedra, que representa un compromiso firme co desenvolvemento integral da poboación moza da provincia, clave para o progreso social, económico e cultural do territorio, e que engloba dentro dos seus eixes de actuación a promoción e posta en marcha de proxectos xuvenís. Neste contexto, esta liña de subvencións enmárcase dentro das atribucións conferidas no artigo 36.1.d da LRBRL, no que se establece como competencia propia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Así mesmo, no artigo 109.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese que serán competencias propias das deputacións provinciais as que baixo este concepto se lles atribúan nas leis e, en calquera caso, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, entre outras.

Segundo o exposto, e ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable, convócase esta liña de subvencións, de acordo coas seguintes,

BASES REGULADORAS

Primeira. Obxecto:
Estas bases teñen por obxecto regular o procedemento de concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a posta en marcha de iniciativas colectivas xuvenís e proxectos realizados e ideados en grupo durante o ano 2027 que favorezan e promovan o desenvolvemento persoal e comunitario; contribúan ao apoderamento xuvenil, á formación en valores e á consecución de hábitos saudables; e enriquezan a vida social, económica, científica e cultural da provincia.

Segunda. Réxime xurídico:
A xestión desta convocatoria realizarase de acordo cos seguintes principios:
a) Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.
b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Deputación de Pontevedra.
c) Eficiencia na asignación e no uso dos recursos públicos.

As subvencións rexeranse por estas bases reguladoras. Supletoriamente, aplicarase o disposto na LXS; no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS (RLXS); na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG); na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra; nas bases de execución do Orzamento vixente da Deputación de Pontevedra; e na demais normativa aplicable.

Así mesmo, rexeranse pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público; pola LPACAP; polas demais normas de dereito administrativo; e, no seu defecto, polas do dereito privado.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Terceira. Entidades ou persoas beneficiarias e requisitos
3.1. Serán destinatarias destas subvencións:
a) As asociacións xuvenís prestadoras de servizos dirixidos á xuventude, sen ánimo de lucro, non sometidas a ningún réxime asociativo específico e con sede social ou cunha delegación na provincia de Pontevedra.
As asociacións xuvenís deberán acreditar a súa inscrición no Censo de Entidades Xuvenís da Xunta de Galicia ou en calquera outro rexistro oficial onde conste a súa natureza xuvenil, e, en caso de non estar inscritas, achegar a copia dos seus estatutos ou o documento oficial que determine este carácter.

b) Os grupos formados por un mínimo de tres e un máximo de oito persoas con idades comprendidas entre os 18 e os 35 anos no momento de presentar a súa solicitude para esta convocatoria, aínda que carezan de personalidade xurídica ao non estaren constituídas como asociacións (en diante, "grupos informais"), e que propoñan un proxecto de interese xeral e social, segundo o disposto no artigo 50.3 da LXG.As e os integrantes actuarán baixo unha denominación común de grupo, sen prexuízo da obriga de identificar individualmente cada un dos compoñentes; unha ou un deles deberá asumir o papel de representante do grupo. O 75 % das persoas que formen parte deste deberán estar empadroadas nalgún concello da provincia de Pontevedra e cumprir o requisito de idade no momento de presentar a solicitude.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes non se poderá modificar a composición do grupo. En ningún caso se admitirá que unha mesma persoa forme parte doutro grupo informal ou asociación que solicite estas axudas. Só se poderá presentar un proxecto por asociación ou grupo informal solicitante.

Para fomentar o asociacionismo na provincia, a persoas integrantes dos grupos informais asinarán no formulario da solicitude a declaración responsable onde se comprometan a constituírse como asociación xuvenil. O cumprimento deste compromiso será requisito imprescindible para concorrer ás futuras convocatorias desta liña de subvencións, quedando excluída a súa participación como grupo informal nas seguintes edicións do programa.

3.2. Para poder beneficiarse destas axudas é obrigatorio que a asociación ou todas as persoas que integren o grupo informal estean ao corrente das súas obrigas tributarias para percibir axudas públicas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Deputación de Pontevedra e coa Seguridade Social, circunstancias que serán comprobadas nas condicións establecidas na base novena; así como non incorrer en ningunha das outras prohibicións sinaladas no artigo 10 da LSG.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Cuarta. Contía das axudas:
A dotación destinada a esta convocatoria é de cento corenta e cinco mil euros (145.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 27/233.2310.480.02, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da súa concesión.
O importe máximo subvencionado por proxecto será de cinco mil euros (5.000,00 €).

Quinta. Proxectos e gastos subvencionables:
5.1. As iniciativas presentadas englobaranse nalgunha das seguintes áreas de actuación:

- *Saúde, benestar e prevención de riscos: iniciativas dirixidas a promover hábitos de vida saudables ou a sensibilizar sobre a saúde mental e a prevención de condutas de risco ou violentas. Inclúe proxectos a través dos cales se loite contra calquera forma de discriminación ou violencia, especialmente a de xénero, ou se persiga a igualdade real e efectiva das persoas trans e se garantan os dereitos das persoas LGTBI.*
- *Cultura, ciencia e innovación: accións que fomenten a cultura, a ciencia e as humanidades en todas as súas vertentes ou que promovan os sectores científico, tecnolóxico, dixital, xurídico e social.*
- *Participación xuvenil, asociacionismo e voluntariado: proxectos para a creación de consellos locais de xuventude, o fomento do asociacionismo ou o impulso do voluntariado xuvenil como ferramenta de transformación social.*
- *Desenvolvemento rural e reto demográfico: iniciativas que contribúan á dinamización do medio rural, combatan a soidade non desexada ou aborden o reto demográfico desde unha perspectiva xuvenil.*
- *Protección do medio e loita contra o cambio climático: accións centradas na conservación ambiental, a sensibilización sobre o cambio climático ou a promoción de prácticas sostibles.*

5.2. Gastos subvencionables:
Terán a consideración de gastos subvencionables aqueles que, de maneira indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios para a súa correcta execución e se realicen dentro do período de execución, que abrangue do 1 xaneiro ao 31 de decembro de 2027.
En todo caso, os gastos deberán cumprir os principios de economía, eficiencia e boa xestión financeira, así como axustarse aos prezos de mercado.

5.3. *Tipoloxía* dos gastos subvencionables.

- Custos indirectos:

Gastos derivados do funcionamento ordinario da entidade beneficiaria necesarios para o desenvolvemento do proxecto, tales como subministracións eléctricas, auga, teléfono, conexión á internet, limpeza ou similares.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

A imputación destes gastos deberá realizarse de xeito proporcional ao tempo e ao grao de utilización efectivamente vinculados ás actuacións subvencionadas, mediante criterios obxectivos, razoables e debidamente xustificados e acreditados. O importe imputado por este concepto non poderá superar o dez por cento (10 %) do orzamento total subvencionable.

- Alugueiro *de espazos e equipamento:*

Inclúe os gastos correspondentes ao alugueiro de instalacións, salas, carpas, equipamentos técnicos, audiovisuais, informáticos ou doutro material necesario para a realización das actividades previstas no proxecto.

- Persoal propio:

Terán a consideración de gastos subvencionables os custos de persoal da entidade directamente vinculados á execución do proxecto subvencionado, incluíndo as retribucións salariais brutas e as cotizacións á Seguridade Social a cargo da entidade.
A imputación destes gastos deberá realizarse de xeito proporcional ao tempo efectivamente dedicado ás actuacións subvencionadas. Deberá indicarse o custo/hora aplicado, o cal deberá axustarse ás retribucións habituais da entidade, ao convenio colectivo de aplicación, de ser o caso, e aos valores de mercado. Non serán subvencionables percepcións extraordinarias non vinculadas directamente á execución do proxecto, indemnizacións, horas extraordinarias non xustificadas nin outros conceptos salariais de carácter non ordinario.

- Servizos *profesionais externos:*

Inclúe a contratación de empresas, persoas traballadoras autónomas ou profesionais especializados para a realización de actuacións técnicas, formativas, artísticas ou similares directamente vinculadas á execución do proxecto subvencionado. Deberá especificarse o custo/hora imputado, así como o número de horas ou servizos realizados, e acreditarse que se axusta ao valor de mercado. O importe total imputado por este concepto non poderá superar o corenta por cento (40 %) do gasto total subvencionable.

- Desprazamento*, aloxamento e manutención:*

Inclúe os gastos derivados da mobilidade, estadía e manutención tanto do equipo de traballo como das persoas participantes nas actividades subvencionadas. Poderán imputarse gastos de locomoción mediante transporte público (billetes de tren, autobús ou similares), utilización de vehículo particular mediante indemnización por quilometraxe, combustible ou peaxes debidamente xustificados, así como gastos de alugueiro de vehículos cando resulten necesarios para o desenvolvemento das actividades.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Así mesmo, incluiranse os gastos de aloxamento en establecementos hostaleiros, albergues ou similares, e os correspondentes a manutención, dietas, merendas ou outros gastos análogos directamente relacionados coa execución das actuacións subvencionadas.

- Publicidade e difusión:

Inclúe os gastos destinados á comunicación, promoción e difusión das actividades subvencionadas, tales como deseño e impresión de materiais gráficos, elaboración de contidos audiovisuais, creación e mantemento de páxinas web, xestión de redes sociais, campañas promocionais ou accións de comunicación.

- Seguros*, licenzas e permisos:*

Inclúe os gastos derivados da contratación de pólizas de seguros de accidentes, responsabilidade civil ou outras coberturas necesarias para o desenvolvemento das actividades subvencionadas, así como os correspondentes á obtención de autorizacións administrativas, licenzas, permisos preceptivos, dereitos de propiedade intelectual, dereitos de exhibición ou proxección audiovisual, e calquera outro gasto de natureza análoga imprescindible para a realización do proxecto.

- Material *funxible:*

Inclúe a adquisición de material non inventariable cunha vida útil non superior a un ano, directamente necesario para a execución das actividades subvencionadas, como material didáctico, téxtil, papelería, consumibles informáticos, etc.
Poderán incluírse agasallos sempre que estean directamente vinculados ás actuacións subvencionadas e non teñan natureza retributiva, quedando expresamente excluídos os premios en metálico ou calquera outro ben ou prestación que poida substituír retribucións ou compensacións económicas.
Este concepto de gasto non poderá superar mil cincocentos euros (1.500,00 €).

5.4. Subcontratación da execución da actividade:
Enténdese que unha entidade beneficiaria subcontrata cando concerta con terceiras persoas a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención.
Quedará fóra destes conceptos a contratación daqueles gastos en que teña que incorrer a entidade beneficiaria para realizar por si mesma a actividade subvencionada.
A subcontratación, parcial ou total, non excederá o 40 % da actividade subvencionada. En ningún caso poderán subcontratarse actividades que aumenten o seu custo e non lle acheguen valor engadido ao seu contido. As e os contratistas estarán obrigados soamente ante a entidade beneficiaria, que asumirá a responsabilidade total da execución fronte á Administración.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

As entidades beneficiarias non poderán subcontratar as persoas ou entidades previstas no artigo 29.7 da LXS:

a) *As que estean incursas nalgunha das prohibicións do artigo 13 da LXS.*
b) *As que percibisen outras subvencións para realizar a actividade obxecto da contratación.*
c) *As intermediarias ou asesoras nas que os pagamentos se definan como unha porcentaxe do custo total da operación, excepto que este pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.*
d) *As vinculadas coa beneficiaria, salvo que concorran as seguintes circunstancias:*
    1. *Que se obtivese a autorización previa expresa do órgano concedente.*
    2. *Que o importe subvencionable non exceda o custo no que incorra a entidade vinculada. A acreditación do custo realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos da entidade beneficiaria.*
e) *As solicitantes da axuda ou da subvención na mesma convocatoria e proxecto que non a obtivesen por non cumprir os requisitos ou non acadar a puntuación suficiente.*

Segundo o disposto no artigo 31 da LXS e na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para os contratos menores, a entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores antes de contraer o compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado un número suficiente de entidades que o realicen, o presten ou o subministren, ou salvo que o gasto se realizase antes de concederse a subvención.

5.5. Exclusións. En ningún caso terán a condición de gastos subvencionables os seguintes:
- Os proxectos, os programas ou as actividades subvencionados no mesmo exercicio a través doutras convocatorias de subvencións da institución provincial.
- As adquisicións de bens ou os gastos que teñan a consideración de investimento.
- Os gastos financeiros e de asesoramento xurídico, laboral, económico e/ou financeiro ou de natureza análoga.
- Os premios en metálico, calquera que sexa a súa denominación ou modalidade de outorgamento.

5.6. Compatibilidade e incompatibilidade das subvencións.
As subvencións concedidas pola Deputación de Pontevedra nesta convocatoria serán compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, pero en ningún caso a contía total das subvencións poderá superar o custo real da actividade subvencionada.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Para estes efectos, en canto se teña coñecemento da obtención doutras subvencións para a mesma actividade, a entidade beneficiaria deberá comunicarllo á Deputación de Pontevedra e, nese caso, o importe da subvención será obxecto da minoración que corresponda.
As subvencións ás que se refire esta convocatoria son incompatibles coa percepción de subvencións de concesión directa do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico contempladas no Orzamento desta institución para o exercicio de 2027 e con outras axudas concedidas por outros servizos da Deputación de Pontevedra para a mesma finalidade no mesmo exercicio.

5.7. Obriga de darlle publicidade ao financiamento:
Toda a publicidade (impresa, dixital, audiovisual ou nas redes sociais) que se realice deberá incluír a colaboración do organismo provincial. Para iso, terase que incorporar a súa imaxe institucional, de conformidade co artigo 31 do RLXS.
O manual de imaxe corporativa poderase consultar na páxina web da Deputación de Pontevedra, na *seguinte* ligazón: https://www.depo.gal/identidade-corporativa.

Sexta. Publicidade da convocatoria:
Estas bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e en https://sede.depo.gal.
Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da LXS, remitiráselle o texto da convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) para a súa publicación, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Sétima. Lugar de presentación de solicitudes:
As solicitudes e a documentación complementaria presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do procedemento específico dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (https://sede.depo.gal/), de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da LPACAP.
Para a presentación das solicitudes, a Sede electrónica admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Oitava. Prazo de presentación de solicitudes:
O prazo para a presentación de solicitudes será do 26 de xaneiro de 2027 ao 26 de febreiro de 2027.

Novena. Comprobación de datos:
Para a tramitación deste procedemento consultaranse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou os elaborados polas restantes administracións públicas, salvo que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- *NIF da asociación ou persoa solicitante.*
- *DNI ou NIE da persoa representante da asociación ou persoa solicitante.*

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

- *Domicilio fiscal da asociación.*
- *Certificado de residencia das persoas que formen parte do grupo informal.*
- *Certificación da asociación e de todas as persoas que integren o grupo informal de que están ao corrente das obrigas tributarias para percibir axudas públicas coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e coa institución provincial.*

Se as persoas solicitantes se opuxesen ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.
Excepcionalmente, en caso de que algunha circunstancia imposibilitase obter estes datos, poderá solicitarse a súa presentación co obxecto de completar o expediente.

Décima. Documentación que se debe presentar:
A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

10.1. Memoria descritiva da iniciativa asinada pola persoa representante da asociación ou grupo informal.
Respecto ao formato de presentación da memoria, esta deberá reunir os seguintes requisitos:

- *Extensión máxima: 15 páxinas a unha cara.*
- *Índice: Deberase incluír un índice que enumere todos os apartados especificados neste punto.*
- *Tipo de letra: Arial, tamaño da fonte: 10, interliñado: 1,5. Numerado en todas as follas.*
- *Contido: deberá conter do xeito máis detallado posible a explicación de cada un dos apartados, en especial daqueles que serán obxecto de valoración.*

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

- *Estudos previos*

Análise do contexto territorial e social no que se enmarca o proxecto, acompañada dunha diagnose fundamentada das necesidades detectadas que xustifiquen de forma clara e obxectiva a súa posta en marcha.
Esta análise deberá basearse en datos verificables, estudos previos, informes, estatísticas oficiais ou outras fontes de referencia actualizadas, incorporando variables relevantes que permitan contextualizar adecuadamente a realidade sobre a que se intervén.

No caso de proxectos consolidados, é dicir, aqueles que foron valorados nalgunha das convocatorias anteriores e que supoñen unha continuidade, deberá acreditarse o seu grao de éxito en edicións anteriores, achegando evidencias de resultados obtidos, así como a descrición das melloras, actualizacións ou adaptacións introducidas respecto de edicións previas.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

- *Fundamentación e adecuación á convocatoria*

Explicación detallada da iniciativa, da súa finalidade e da súa aliñación cos obxectivos e áreas de actuación previstas nestas bases.

- *Obxectivos:*

As metas deben de ser claras e realistas segundo os obxectivos que se pretenden conseguir coas actuación que se desenvolvan na execución do proxecto.

- *Descrición da actividade:*

Detalle das actuacións previstas (duración de cada intervención, nº sesións, etc.), a operativa organizativa, a metodoloxía de traballo, e os aspectos innovadores e/ou orixinais da proposta, detallando os elementos diferenciadores e a súa achega de valor no ámbito de actuación da convocatoria.

Incluirase a descrición dos recursos materiais, técnicos e humanos necesarios para o desenvolvemento das actividades propostas, indicando o seu papel dentro da execución do proxecto, en coherencia coa memoria económica.

- *Calendario de execución:*

Planificación temporal das actividades e duración global prevista do proxecto.

- *Persoas destinatarias e ámbito de actuación:*

Identificación do público ao que se dirixe a iniciativa, indicando o seu alcance territorial e o número estimado de persoas beneficiarias.

- *Sistema* de avaliación e seguimento:

Descrición dos métodos, indicadores e ferramentas previstos para o seguimento e avaliación do proxecto, co obxectivo de determinar o grao de cumprimento dos obxectivos establecidos e o impacto da súa execución.

Deberanse indicar indicadores cuantitativos e cualitativos, así como instrumentos de recollida de información (rexistros de asistencia, enquisas, cuestionarios, informes de actividade ou outros mecanismos de control) e os procedementos previstos para a análise e valoración dos resultados obtidos (informe ou memoria final, etc.).

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

- *Publicidade:*

Descrición das accións previstas para a publicidade e difusión do proxecto, incluíndo a incorporación da imaxe institucional da Deputación de Pontevedra nos termos establecidos nestas bases.

10.2. Memoria económica do proxecto, que detallará o orzamento total, a contía da subvención solicitada nesta convocatoria, a achega propia da entidade ou grupo informal, no seu caso, outras subvencións ou axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade, así como outros ingresos previstos para o financiamento do proxecto.

A memoria económica incluirá detalladamente:

- *Un orzamento de gastos: relación detallada e desagregada dos gastos previstos, agrupados segundo as tipoloxías de gasto establecidas na base 5.3.*
- *Un orzamento de ingresos: relación detallada das fontes de financiamento do proxecto, incluíndo subvencións, achegas propias, cotas de inscrición, patrocinios, doazóns ou outros ingresos, no seu caso.*

Para os efectos de determinar o orzamento subvencionable e o importe da axuda, as entidades solicitantes deberán cumprimentar obrigatoriamente no formulario de solicitude os seguintes campos:

- *Orzamento sen IVE.*
- *Orzamento con IVE.*
- A indicación expresa de se o IVE é deducible ou non para a entidade.

En caso de aplicar o réxime de prorrata, indicarase a porcentaxe de prorrata deducible recoñecida pola Axencia Tributaria.
A determinación do importe que se considerará como gasto subvencionable realizarase en función da situación fiscal declarada:

- *Se o IVE non é deducible, o gasto subvencionable fixarase sobre o orzamento con IVE, ao constituír este un custo real para a entidade.*
- *Se o IVE é deducible ao 100%, o gasto subvencionable fixarase sobre o orzamento sen IVE.*
- *En caso de réxime de prorrata (mixto), a entidade indicará a súa porcentaxe de prorrata deducible oficial. O gasto subvencionable calcularase restando do orzamento con IVE dita porcentaxe, financiando así unicamente a parte do imposto que non se poida deducir e que supón un custo real.*

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Calquera variación entre a prorrata provisional declarada na solicitude e a definitiva resultante ao peche do ano natural deberá ser comunicada e regularizada pola entidade no momento da xustificación do gasto.

10.3. As asociacións deberán achegar a acreditación da inscrición da asociación no Censo de Entidades Xuvenís da Xunta de Galicia ou en calquera outro rexistro oficial onde conste a súa natureza xuvenil. En caso de que a asociación non estivese inscrita, deberá achegar unha copia dos estatutos ou outro documento oficial que determine de xeito inequívoco o seu carácter xuvenil.

10.4. Certificación número de persoas socias. As asociacións deberán achegar unha certificación emitida pola secretaría da entidade na que conste o número de persoas socias, e o número de menores de 35 anos.

10.5. A acreditación da representación da persoa que actúa en nome da entidade ou persoa solicitante, só cando non se empregue un certificado cualificado de representante.

Esta acreditación poderá facerse por calquera dos medios recollidos no artigo 5 da LPACAP e no 32 do Real decreto 203/2021, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos.

No caso das asociacións, a acreditación poderá realizarse mediante unha certificación expedida pola secretaría da entidade onde se faga constar de xeito expreso que a persoa representante está autorizada para actuar en nome da entidade.

10.6.Os grupos informais deberán achegar o anexo II (relación das persoas promotoras), debidamente cuberto e asinado por todas as persoas integrantes do grupo, no que se fará constar a designación expresa da persoa representante do grupo.

Décimo primeira. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas.
Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo "2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude", dispoñible en https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos.

No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se efectúa o trámite.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

A Sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos.

Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes, e presentalos electrónica ou presencialmente segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselles ás entidades solicitantes, de conformidade co establecido no artigo 68 desta, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emenden as faltas ou presenten os documentos preceptivos, e indicaráselles que, se non o fan, se terá por desistida a súa solicitude, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21.

Décimo segunda. Instrución e resolución do procedemento de concesión:
12.1. Órgano instrutor. O órgano competente para a instrución do procedemento será a Xefatura do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para determinar, coñecer e comprobar os datos e a documentación, así como avaliar as solicitudes segundo os criterios, as formas e as prioridades de valoración establecidos nesta convocatoria, en virtude dos cales se formulará a proposta de resolución provisional, de conformidade co previsto no artigo 24 da LXS.

No exercicio das súas funcións, o órgano instrutor poderá solicitar canta información ou documentación adicional estime necesaria para valorar as solicitudes, así como requirir a asistencia técnica doutros servizos da Deputación.

O órgano instrutor emitirá un informe proposta no que se recollerá a valoración das solicitudes segundo os criterios de concesión e no que se detallarán o sistema de valoración seguido, a relación das entidades solicitantes para as que se propón a concesión da subvención coa súa contía e, no caso das excluídas, o motivo.

Para calcular a contía da subvención empregarase unha fórmula na que se terán en conta a dispoñibilidade orzamentaria e os criterios de valoración previstos na convocatoria.

Intervención emitirá un informe de fiscalización de todos os expedientes incluídos no informe-proposta do órgano instrutor.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

12.2. Órgano avaliador. Constituirase unha comisión de valoración, órgano colexiado, á que lle corresponderá valorar o informe proposta emitido pola xefatura de servizo e que estará composta polas seguintes persoas:

- *Presidenta: a xefa do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico ou persoa na que delegue.*
- *Vogal: unha ou un técnico de Intervención.*
- *Secretaria: unha ou un técnico do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico.*

A Comisión de Valoración emitirá un informe no que se indicará a súa valoración segundo os criterios de concesión, a relación de entidades para as que se propón a concesión da subvención, a contía desta e os motivos de desestimación.

12.3. Resolución provisional e reformulación de solicitudes. Recibido o informe da Comisión de Valoración, a xefa do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico formulará a proposta de resolución provisional debidamente motivada, a cal se lles notificará ás entidades solicitantes mediante a súa publicación na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (http://sede.depo.gal) e na páxina web http://www.depo.gal, de acordo cos termos establecidos no artigo 45 da LPACAP.

Desde o día seguinte ao da publicación da proposta de resolución provisional, as entidades propostas como beneficiarias disporán dun prazo de dez (10) días hábiles para formular alegacións. Neste trámite de audiencia poderán manifestar a súa aceptación ou renuncia e, no seu caso, reformular as solicitudes. De non comunicar nada no devandito prazo, a axuda terá a consideración de aceptada.

Dado o carácter competitivo da subvención, a reformulación de solicitudes deberá respectar o obxecto, as condicións e a finalidade da subvención, así como os criterios de valoración e a documentación avaliable respecto das solicitudes iniciais.

En ningún caso se poderá autorizar a reformulación cando se danen dereitos de terceiras persoas; non obstante, se esta cumpre os requisitos esixidos e mellora os aspectos obxecto de valoración, poderá admitirse, sen que a súa aceptación supoña modificar o importe asignado na proposta de resolución provisional.

As propostas de resolución non crean dereito ningún a favor da entidade beneficiaria proposta en tanto non se publique a resolución de concesión.

12.4. Resolución definitiva. Unha vez efectuados os axustes derivados das renuncias, alegacións ou reformulacións, realizarase unha proposta de resolución definitiva, que conterá a relación de entidades solicitantes para as que se propón a concesión da subvención e o seu importe, e na que se especificarán a avaliación e os criterios de valoración seguidos para efectuala.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

A Xunta de Goberno, logo do informe da Intervención se houbese variacións sobre a proposta de resolución provisional, resolverá definitivamente a aprobación das subvencións, indicará as entidades beneficiarias e os importes concedidos e motivará a aceptación ou o rexeitamento das posibles alegacións recibidas.

A resolución incluirá a relación de solicitudes denegadas e os motivos do seu rexeitamento.

As entidades beneficiarias poderán rexeitar a subvención concedida no prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución definitiva de concesión no BOPPO.

A resolución definitiva ponlle fin á vía administrativa. Contra ela poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditase, no prazo dun (1) mes, a partir do día seguinte ao desta publicación (artigos 112, 123 e 124 da LPACAP), ou ben, directamente, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia de Pontevedra, segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, e todo iso no prazo establecido no artigo 46 da citada Lei. Todo iso sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime oportuno.

12.5. Modificación da resolución de concesión. A entidade beneficiaria deberá cumprir cos termos, prazos, obxectivos, proxectos, actividades e compromisos que fundamentan a concesión da subvención. As persoas ou entidades beneficiarias, de conformidade co artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (BOPPO núm. 250, de 27 de decembro de 2024), poderán solicitar a modificación da resolución de concesión, incluídos os prazos de execución e xustificación, sempre que non se altere o destino nin a finalidade da subvención.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358***
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

A solicitude deberá estar debidamente xustificada e presentarse antes de que finalice o prazo de execución inicialmente concedido e de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven.

A modificación só será admisible cando non implique variación na puntuación obtida conforme os criterios de concesión e non se prexudiquen dereitos de terceiras persoas.

A modificación da resolución de concesión da subvención será adoptada polo órgano que a concedeu, logo da instrución do correspondente expediente.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Décimo terceira. Criterios de avaliación:
13.1. De conformidade co disposto na base primeira, a concesión das axudas tramitarase en réxime de concorrencia competitiva.
Para acceder á axuda requirirase unha puntuación mínima de 50 puntos na avaliación dos proxectos.

13.2. Os criterios que se terán en conta para valorar as solicitudes (máximo de 100 puntos) serán os seguintes:

A.- Criterios relacionados coa entidade ou co grupo solicitante (máximo de 20 puntos):

A.1.- Número de habitantes do concello onde estea domiciliada a entidade ou do lugar de residencia do 50 % das persoas que integran o grupo informal, segundo os datos oficiais de poboación de 2025, publicados polo Instituto Nacional de Estatística o 1 de xaneiro de 2027 (máximo de 5 puntos):
- Nun concello de máis de 20.000 habitantes: 1 punto.
- Nun concello entre 10.001 a 20.000 habitantes: 2 puntos.
- Nun concello de 5.001 a 10.000 habitantes: 3 puntos.
- Nun concello de ata 5.000 habitantes: 5 puntos.

A.2.- Natureza xurídica (máximo de 5 puntos).
Co obxectivo de fomentar o asociacionismo xuvenil como instrumento de participación estable da mocidade, valorarase a constitución formal da entidade solicitante como asociación xuvenil inscrita no correspondente rexistro oficial así como a súa traxectoria, e no caso de grupos informais o compromiso de constituírse como asociación no vindeiro exercicio.

- *Grupo informal: 2 puntos.*
- *Asociación xuvenil cunha antigüidade acreditada de menos de 4 anos: 3 puntos.*
- *Asociación xuvenil cunha antigüidade acreditada de máis de 4 anos: 5 puntos.*

A.3.- Número de persoas asociadas menores de 35 anos ou integrantes do grupo informal (máximo de 5 puntos):

- *Ata 5 persoas menores de 35 anos : 2 puntos.*
- *De 6 a 10 persoas menores de 35 anos : 3 puntos.*
- *Máis de 10 persoas menores de 35 anos: 5 puntos.*

A.4.- Achega económica propia (máximo de 5 puntos):

- *Achega inferior ao 5 % do orzamento total: 0 puntos.*
- *Achega igual ou superior ao 5 % do orzamento total: 5 puntos.*

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

B) Criterios relacionados co proxecto presentado (máximo de 80 puntos)
Valorarase a calidade xeral do proxecto, baseada na xustificación da súa fundamentación e na repercusión para a xuventude á que se dirixe, así como a concreción e planificación deste e o seu grado de continuidade, de acordo co seguinte desglose:

B.1.- Estudos previos (máximo de 5 puntos)
Valorarase a capacidade do proxecto para identificar e describir de forma precisa as necesidades existentes no ámbito de actuación, así como o uso de evidencias concretas que acrediten a súa existencia e relevancia no territorio.

Terase en conta a existencia do estudo previo, que os datos estean actualizados, as fontes e a metodoloxía empregada e a adecuación de todos estes aspectos aos resultados, desagregándose a puntuación do seguinte xeito:

B.1.1. Existencia de diagnose ou estudio previo (máximo de 1,5 puntos)
- *Non achega nin identifica ningún estudo ou diagnose: 0 puntos.*
- *Achega referencias xerais ou estudos non específicos do colectivo/territorio: 0,75 puntos.*
- *Achega uns estudo-diagnose específico e directamente relacionado coa poboación destinataria e o proxecto: 1,5 puntos.*

B.1.2. Actualidade e adecuación dos datos (máximo de 1,5 puntos)
- *Datos inexistentes, claramente desactualizados ou non relacionados coa poboación destinataria e o proxecto: 0 puntos.*
- *Datos parcialmente adecuados ou cunha actualización limitada: 0,75 puntos*
- *Datos recentes, relevantes e directamente aplicables ao ámbito do proxecto: 1,5 puntos.*

B.1.3. Fontes e metodoloxía (máximo de 1 punto)
- *Non identifica fontes nin metodoloxía: 0 puntos.*
- *Emprega fontes identificadas, pero con metodoloxía limitada ou insuficientemente xustificada: 0,5 puntos.*
- *Emprega fontes contrastables e unha metodoloxía claramente descrita e axeitada: 1 punto.*

B.1.4. Aplicación dos resultados (máximo de 1 punto)
- *Non existe relación apreciable entre a diagnose e o proxecto: 0 puntos*
- *Existe unha relación parcial: 0,5 puntos.*
- *As necesidades detectadas están claramente conectadas cos obxectivos, actividades e persoas destinatarias do proxecto: 1 punto.*

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

B.2.- Grao de Orixinalidade e innovación do proxecto (máximo de 10 puntos)

Valorarase o carácter innovador e orixinal da proposta, atendendo aos elementos diferenciadores respecto doutras iniciativas existentes, á incorporación de novas ferramentas ou enfoques, así como á achega de valor engadido no ámbito de actuación da convocatoria.

Terase en conta a capacidade do proxecto para introducir melloras respecto de edicións anteriores e/ou das prácticas habituais no ámbito xuvenil e a súa potencial aplicabilidade a outros contextos.

B.2.1.- No caso de proxectos consolidados:

- *Non acredita o éxito das edición anteriores nin presenta nin presenta melloras e/ou adaptacións: 0 puntos.*
- *Acredita o éxito das anteriores edicións pero non incorpora melloras nin adaptacións salientables: 5 puntos.*
- *Acredita o éxito das anteriores edicións e incorpora melloras ou adaptacións relevantes: 10 puntos.*

B.2.2.- No caso de proxectos de nova creación:

- *Non conta con ningún elemento orixinal ou innovador: 0 puntos.*
- *Conta con algún elemento innovador pero explicado de xeito parcial ou xenérico: 5 puntos.*
- *Conta con elementos claramente innovadores e ben explicados relacionados coas áreas de actuación subvencionables: 10 puntos.*

Terase en conta a incorporación de enfoques innovadores, ferramentas dixitais, aprendizaxe experiencial ou boas prácticas entre outros.

B.3.- Metodoloxía, planificación e coherencia técnica do proxecto (máximo de 15 puntos)

Valorarase a coherencia interna entre obxectivos actividades e resultados, a adecuación da metodoloxía ao público destinatario, a operativa organizativa, a claridade e viabilidade real de execución, e a secuenciación e planificación de actividades.

B.3.1.- Metodoloxía do proxecto (máximo de 5 puntos)

Valorarase a adecuación da metodoloxía aos obxectivos, ás persoas destinatarias e ás actividades propostas.

- *Metodoloxía inexistente, moi pouco definida ou inadecuada: 0 puntos.*
- *Metodoloxía descrita de forma xeral, con adecuación parcial aos obxectivos e ás actividades: 3 puntos.*
- *Metodoloxía adecuada, suficientemente definida e coherentes coas actividades previstas: 4 puntos.*

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

- *Metodoloxía claramente estruturada, fundamentada e adaptada ás persoas destinatarias, que favorece a participación activa da mocidade: 5 puntos.*

B.3.2- Planificación e organización (máximo de 5 puntos)
Valorarase a concreción e viabilidade da planificación temporal e organizativa do proxecto.

- *Non existe unha planificación definida ou esta resulta inviable: 0 puntos.*
- *A planificación é parcial, con actividades, prazos ou responsabilidades insuficientemente concretados: 2 puntos.*
- *Existe unha planificación clara, con actividades, calendario e distribución de responsabilidades adecuados: 4 puntos.*
- *A planificación está detallada e secuenciada, establece prazos e responsabilidades e prevé os recursos necesarios para executar as actividades: 5 puntos.*

B.3.3.- Coherencia técnica do proxecto (máximo de 5 puntos)
Valorarase a relación lóxica entre as necesidades detectadas, os obxectivos, as actividades, os resultados esperados e os mecanismos de avaliación.

- *Existe unha desconexión evidente entre os elementos do proxecto ou faltan elementos esenciais: 0 puntos.*
- *A relación entre os elementos é parcial ou presenta incoherencias relevantes: 2 puntos.*
- *Os obxectivos, as actividades e os resultados esperados están ben relacionados e son viables: 4 puntos.*
- *O proxecto presenta unha estrutura técnica sólida, con relación clara entre necesidades, obxectivos, actividades, resultados e indicadores de avaliación: 5 puntos.*

B.4.- Contido en valores e impacto social do proxecto (máximo de 10 puntos)
Valorarase a incorporación efectiva de valores transversais no deseño e execución do proxecto, así como o seu grao de integración real nas actividades propostas e non unicamente a súa mención formal.

Teranse en conta especialmente valores como a solidariedade, igualdade de xénero, impacto demográfico, respecto polo medio ambiente, promoción de hábitos de vida saudables (deporte, cultura) e fomento da investigación e do pensamento crítico, entre outros.

A avaliación basearase na presenza destes valores, na súa coherencia coas actividades e obxectivos do proxecto e na súa capacidade para xerar aprendizaxe e cambio de actitudes no público destinatario.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Para a súa valoración teranse en conta os criterios que se especifican a continuación, que serán valorados tendo en conta a seguinte escala:

- *0% Insuficiente ou inexistente. O proxecto non aborda o aspecto ou non achega información que permita valoralo;*
- *25% Baixo. O aspecto aparece de xeito superficial, xenérico e pouco desarrollado;*
- *50% Axeitado: Están identificados de xeito claro se suficientemente explicados, aínda que presentan limitacións na súa aplicación ou concreción;*
- *75%-100% Bo/Moi bo: Está moi ben desenvolvido, intégrase nas actividades e presenta resultados ou medidas concretas.*

Criterio de valoración e puntuación máxima:

- *Non se identifican valores transversais ou estes se mencionan de forma xenérica sen aplicación práctica ou incorpora algún valor transversal de forma parcial, con actividades puntuais ou pouco estruturadas : 0 puntos.*
- *O proxecto incorpora algún valor transversal de forma parcial, con actividades puntuais ou pouco estruturadas: 3 puntos.*
- *O proxecto incorpora valores transversais ben definidos, pero con actividades puntuáis ou pouco estruturadas: 7 puntos.*
- *O proxecto integra de forma clara, coherente e transversal varios destes valores, estando plenamente incorporados na metodoloxía, actividades e obxectivos, e xerando impacto real no público destinatario: 10 puntos.*

B.5.- Duración e continuidade (máximo de 10 puntos)
Valorarase a duración efectiva do proxecto e o seu grao de continuidade no tempo, entendendo que unha maior estabilidade temporal favorece un maior impacto e consolidación das actuacións:

- *Proxectos de carácter puntual ou de duración inferior a 1 mes: 2 puntos.*
- *Proxectos de duración igual ou superior a 1 mes e inferior a 3 meses: 4 puntos.*
- *Proxectos de duración igual ou superior a 3 meses e inferior a 6 meses: 8 puntos.*
- *Proxectos de duración igual ou superior a 6 meses: 10 puntos.*

Para o seu cómputo terase en conta o calendario de realización do proxecto, debendo quedar debidamente xustificada a continuidade e periodicidade das actividades.

B.6.- Impacto territorial (máximo de 5 puntos)
Valorarase o impacto territorial do proxecto en función dos ámbitos nos que se desenvolva efectivamente a actividade, atendendo ao alcance xeográfico efectivo da súa execución e á súa capacidade de repercusión fóra do concello de orixe.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Para a valoración de este criterio haberá que especificar de xeito expreso o concello ou concellos onde se desenvolvan as actividades, se son en más de 1 concello indicar cal e qué actividades se desenvolverán en cada un deles,

- *Ámbito local (desenvolvemento da actividade nun único concello): 1 puntos.*
- *Ámbito intermunicipal (desenvolvemento da actividade en máis dun concello): 3 puntos.*
- *Ámbito provincial (desenvolvemento da actividade con alcance en toda a provincia de Pontevedra ou con presenza significativa en múltiples concellos da provincia): 5 puntos.*

B.7.- Definición de obxectivos, indicadores e sistema de avaliación (máximo de 5 puntos)
Valorarase o grao de concreción e medibilidade dos obxectivos do proxecto, así como a existencia de indicadores claros que permitan avaliar a súa execución e resultados. Terase en conta a definición de indicadores cuantitativos e/ou cualitativos, a previsión de mecanismos de seguimento e avaliación, e a capacidade do proxecto para demostrar o cumprimento dos obxectivos propostos.

- *Non incorpora indicadores nin sistema de avaliación: 0 puntos.*
- *Incorpora algúns indicadores pero de xeito parcial e pouco estruturados: 3 puntos.*
- *Incorpora sistemas de avaliación estruturados, con indicadores verificables e mecanismos claros de recollida e análise de resultados: 5 puntos.*

B.8.- Calidade das actividades (máximo 20 puntos)
Valorarase a calidade das actividades previstas no proxecto atendendo exclusivamente á información achegada pola entidade solicitante na documentación presentada coa solicitude, distinguindo os proxectos que sexan continuación doutros xa subvencionados ou proxectos de nova creación.

Normas xerais de aplicación do criterio:
A puntuación asignarase atendendo ao grao de concreción, coherencia e adecuación da información achegada no proxecto, sen presumir a realización de actuacións que non estean previstas ou suficientemente descritas na documentación presentada.

Non se valorará o mero emprego de expresións xenéricas relativas á participación, inclusión, accesibilidade ou adaptación ás persoas destinatarias cando non estean acompañadas dunha descrición das actuacións, mecanismos ou medidas previstos.

Para os efectos deste criterio, entenderase por participación e protagonismo xuvenil a intervención efectiva das persoas mozas nas distintas fases do proxecto, podendo comprender, segundo a natureza das actividades, o deseño, planificación, organización, desenvolvemento, avaliación ou formulación de propostas de mellora.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

A puntuación asignarase en función do grao de cumprimento dos aspectos descritos en cada subcriterio, de acordo coa información e documentación aportada pola entidade solicitante.

Valoraranse os seguintes subcriterios:

B.8.1.- Adecuación das actividades aos obxectivos do proxecto (máximo de 4 puntos)

- *Non existe unha relación apreciable entre as actividades e os obxectivos: 0 puntos.*
- *Relación escasa ou insuficientemente xustificada: 1 punto.*
- *Existe unha relación clara e coherente entre actividades, obxectivos e persoas destinatarias: 3 puntos.*
- *Existe unha relación excelente, directa e claramente xustificada entre as actividades, os obxectivos, as necesidades detectadas e os resultados previstos: 4 puntos.*

B.8.2.- Calidade e coherencia da metodoloxía (máximo de 4 puntos)

- *Existe adecuación da metodoloxía aos obxectivos formulados e ás necesidades da mocidade destinataria: 1 punto. 0 puntos se non existe ou se explica de xeito confuso e superficial.*
- *Coherencia entre as actividades previstas, a súa planificación e os resultados que se pretenden acadar: 1 punto. 0 puntos se o plantexamento non e coherente e non existe unha planificación axeitada.*
- *Empréganse metodoloxías axeitadas para o ámbito xuvenil, preferentemente activas, inclusivas e baseadas na aprendizaxe práctica: 1 punto. 0 puntos se o contido e teórico, xenérico e pouco claro.*
- *Explícanse as distintas fases, técnicas, recursos, organización, seguimento e instrumentos para comprobar os resultados: 1 punto. 0 punto se non se detallan de xeito claro e preciso.*

B.8.3.- Participación activa da mocidade (máximo de 4 puntos)

Valorarase o grao no que as persoas mozas participan de forma activa no desenvolvemento do proxecto, evitando que sexan únicamente receptoras da actividade ou actividades:

- *Non se contempla a participación activa: 0 puntos.*
- *Participación limitada ou principalmente pasiva: 1 punto.*
- *Participación activa en el desarrollo de las actividades: 3 puntos.*
- *Participación activa e significativa, incluíndo, cando proceda, a implicación das persoas mozas no deseño, organización, execución e/ou avaliación do proxecto: 4 puntos.*

B.8.4.- Viabilidade e adecuación das actividades (máximo de 4 puntos)

Valorará a posibilidade real de executar as actividades propostas tendo en conta o calendario, os recursos humanos e materiais e a adecuación das actividades aos medios dispoñibles:

- *As actividades presentan graves dificultades de execución ou resultan inviables: 0 puntos.*
- *Son parcialmente viables, aunque presentan algunhas deficiencias relevantes: 1 punto.*

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

- *Son viables e están dimensionadas de xeito adecuado respecto aos recursos e ao prazo previsto: 3 puntos.*
- *Presentan un alto grado de viabilidade, cunha planificación realista e axeitada correspondencia entre as actividades, recursos, calendario e os resultados previstos: 4 puntos.*

B.8.5.- Diversidade, inclusión e accesibilidade (máximo de 4 puntos)
Valorarase a incorporación de medidas destinadas a garantir a participación da mocidade con diferentes circunstancias e necesidades, así como a igualdade de oportunidades e a ausencia de discriminación.

- *Non se contemplan medidas relacionadas con estos aspectos: 0 puntos.*
- *Inclúense referencias xerais sen medidas concretas: 1 punto.*
- *Incorpóranse medidas concretas para favorecer a inclusión, a igualdade e a accesibilidade: 3 puntos.*
- *O proxecto integra de forma transversal e efectiva a inclusión, a igualdade e a accesibilidade, con medidas concretas e adecuadas ás características das persoas destinatarias: 4 puntos.*

Décimo cuarta. Notificacións e publicacións:
14.1. As notificacións practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, a través da Dirección Electrónica Habilitada única, sistema accesible desde https://sede.depo.gal ou directamente desde https://dehu.redsara.es/.

14.2. A proposta de resolución provisional de entidades admitidas e excluídas notificarase exclusivamente a través da Sede electrónica da Deputación (http://sede.depo.gal), de conformidade co establecido no artigo 45 da LPACAP, e na páxina web http://www.depo.gal. Así mesmo, a resolución definitiva de concesión publicarase no BOPPO e na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra.

Décimo quinta. Pagamento e xustificación:
15.1. O pagamento da subvención realizarase tras a xustificación da execución completa da actividade subvencionada, integrada pola seguinte documentación, que deberá presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo "2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude", dispoñible en https://sede.depo.gal:
a) Memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, na que se describan as actividades realizadas e o cronograma de execución, o número de persoas beneficiarias, así como os recursos materiais, humanos e financeiros empregados no desenvolvemento do proxecto, desagregados por actividade.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Incluirase igualmente unha descrición dos resultados obtidos, unha análise do grao de cumprimento dos obxectivos inicialmente formulados e, no seu caso, as desviacións e/ou variacións producidas respecto da memoria inicial presentada, xunto coa súa xustificación.

b) Conta xustificativa dos gastos e ingresos.
Segundo o modelo dispoñible na Sede electrónica, na que se determinará o custo ou gasto total da finalidade subvencionada, se detallen as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo e se poña de relevo que os gastos que figuran na mencionada conta xustificativa se aplicaron á finalidade para a que se concedeu a axuda, e que o resto dos xustificantes da conta se encontran no domicilio da entidade beneficiaria á disposición da Deputación para o seu exame. Os gastos ordenaranse por concepto de gasto.

Establécese unha desviación máxima do 20% respecto do orzamento subvencionado. Así mesmo, detallarase o financiamento obtido para levar a cabo a actividade e declararase que os ingresos non superan o custo total da finalidade subvencionada. Deberá acreditarse a aportación propia na mesma contía que se tivo en conta para a concesión da subvención.

c) Copia das facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida xunto coa documentación acreditativa do pago.
As facturas que se acheguen deberán ser presentadas na mesma orde na que figuran na conta xustificativa (debidamente numeradas), estar correctamente cubertas e, polo tanto, desagregadas en prezos unitarios. As facturas expediranse a nome da entidade solicitante ou da persoa representante do grupo informal, e incluirán preceptivamente na súa descrición a súa imputación ao proxecto subvencionado dentro do programa +Xuventude 2027. De conformidade co establecido no artigo 11 da Ordenanza xeral de subvencións (OXS) da Deputación, as entidades beneficiarias deben pagarlles aos seus acredores durante o período de realización da finalidade subvencionada. Non obstante, as que teñan dificultades de tesourería poderán pagar unha vez cobren a subvención, no prazo máximo dun (1) mes desde que se produza este cobro.

Así mesmo, deben utilizarse, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiras persoas que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira no que queden identificados a persoa beneficiaria, o importe e a data de pagamento (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.). Só poderán utilizar o pagamento en metálico excepcionalmente cando non sexa posible outra forma alternativa. O incumprimento desta disposición para algún gasto implicará que este se considere non subvencionable, de conformidade cos artigos 72.2, 75.2 e 89 do RLXS, en relación cos artigos 31.2 e 37 da LXS, sempre que o gasto supere o importe de douscentos euros (200,00 €).

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

d) Acreditación da difusión do financiamento por parte da Deputación da actividade realizada. Poderá acreditarse a través de fotografías, carteis, entradas en páxinas web, publicacións en redes sociais ou calquera outro medio probatorio. A publicidade incluirá a imaxe corporativa da Deputación.

15.2. Para o pago da subvención terase en conta o seguinte:

- *En caso de que se xustifiquen gastos polo 100 % do orzamento subvencionado, aboarase a totalidade da subvención.*
- *En caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao 100 %, aboarase a parte proporcional da subvención.*

15.3. O prazo de presentación da documentación xustificativa rematará o 29 de febreiro de 2028.

Décimo sexta. Perda do dereito ao cobro e/ou reintegro:
Procederase ao reintegro e/ou á perda do dereito ao cobro, total ou parcial das subvencións outorgadas, nos termos fixados nesta convocatoria e na normativa de subvencións e, en particular, no artigo 37 da LXS, nos seguintes casos:

- *Se non se executa un mínimo do 50% do orzamento do proxecto subvencionado.*
- *Se se incumpre a normativa de subvencións.*
- *Se se incumpren as condicións e as obrigas asumidas no outorgamento da subvención.*
- *Se non se cumpren os obxectivos fixados no proxecto.*
- *Se non se presenta no tempo e na forma a documentación xustificativa ou preséntase de forma incompleta.*
- *Cando non se paguen os xustificantes de gasto das actuacións subvencionadas no prazo máximo dun mes desde a percepción dos fondos correspondentes coa subvención concedida.*
- *Se non se presentan os xustificantes bancarios acreditativos do pagamento das facturas.*
- *O falseamento de datos respecto a memoria económica, memoria do proxecto e facturas achegadas*
- *Non acreditar a difusión e publicidade de que actividade está financiada pola deputación de Pontevedra.*

O incumprimento destas obrigas poderá dar lugar á perda do dereito ao cobro da subvención concedida, logo do inicio do expediente que se incoe para estes efectos.

Décimo sétima. Vixencia:
Estas bases estarán vixentes desde a data da súa publicación ata o 29 de febreiro de 2028.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Décimo oitava. Protección de datos:

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a entidade beneficiaria declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado "normativa aplicable", dispoñible na ficha de procedemento en https://sede.depo.gal.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As entidades beneficiarias poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos.

Décimo novena. Réxime xurídico, responsabilidade e réxime sancionador das achegas económicas previstas nesta convocatoria:

Estas axudas rexeranse polo establecido nestas bases. Supletoriamente, aplicarase o disposto na LXS; no RLXS; na LSG; na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra; nas Bases de execución do Orzamento vixente da Deputación de Pontevedra; e na demais normativa aplicable.

As entidades beneficiarias das axudas quedarán sometidas ás responsabilidades e ao réxime sancionador establecido na LXS."

Segundo.- Publicar as citadas bases, xunto co seu extracto, no BOPPO e na BDNS.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

3.37919.- APROBACIÓN DE BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA O ANO 2027 DO PROGRAMA "CULTUREA" DE APOIO Á PROMOCIÓN CULTURAL DE AGRUPACIÓNS OU ASOCIACIÓNS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (Expte.2026072228)

Antecedentes:

1. Primeiro.- A Deputación de Pontevedra conta, desde os anos 80, cunha liña de apoio á promoción cultural provincial de agrupacións ou asociacións sen fins de lucro legalmente constituídas e inscritas no rexistro administrativo correspondente, así como as entidades locais menores da provincia de Pontevedra, para a realización de actividades nas distintas manifestacións artísticas, coma as artes escénicas, a música, as artes visuais ou a difusión do patrimonio cultural.
2. Segundo.- No marco desta iniciativa a Deputación autorizou no 2026 máis de 3.500 actuacións fomentando o acceso deslocalizado á actuacións no ámbito das artes escénicas, a música, as artes visuais ou a difusión do patrimonio cultural, o que repercute na economía local así como asociar a imaxe da Deputación a este tipo de actividades en escenarios situados na nosa provincia.
3. Terceiro.- O Catálogo de grupos "Culturea" configurase como o inventario de grupos, artistas e compañías nas súas múltiples e variadas expresións artísticas e servirá como base para que as entidades beneficiarias do Programa, como organizadoras de actos culturais, poidan programar as súas actividades a través da actuación de grupos incluídos no devandito catálogo.
4. Cuarto.- Vistos os informes favorables xurídico e de Intervención de data 4 de novembro de 2026 con CSV: YTSXEI6RCBJB83NZ1.

Fundamentos xurídicos e técnicos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRL), art. 36.1.d).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), art. 118 d) e 109.1.d)
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, art. 69.
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

Segundo.- No ámbito competencial, o apartado primeiro do artigo 44 da Constitución dispón que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todos teñen dereito. Este mandato constitucional vincula a todos os poderes constituídos dentro do marco das súas respectivas competencias.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Nesta liña, a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, no seu artigo 69 determina que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante.

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, no seu artigo 118 d), establece como competencias propias das deputacións provinciais a organización de actividades cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

Adicionalmente, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no seu artigo 36.1d) determina a competencia provincial na cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, o artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determina como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Ademais, a Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, no seu artigo 25 establece que o Goberno Galego e as Corporacións Locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras.

Terceiro.- A competencia para a aprobación destas bases corresponde á Xunta de Goberno, segundo o previsto nas bases de execución do orzamento provincial.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

5. Aprobar as bases reguladoras e convocatoria para o ano 2027 do programa "Culturea" de apoio á promoción cultural de agrupacións ou asociacións da provincia de Pontevedra, que figuran no expediente co CSV: 1UQM2ZUW56AZ4V3V e que son do seguinte teor:

"BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA O ANO 2027 DO PROGRAMA "CULTUREA" DE APOIO Á PROMOCIÓN CULTURAL DE AGRUPACIÓNS OU ASOCIACIÓNS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Cultura, ten entre os seus fins fomentar a cultura popular galega nas súas múltiples e variadas expresións artísticas.
Nesta liña, a institución conta desde os anos oitenta cunha liña de apoio á promoción cultural dirixida ás agrupacións e asociacións sen fins de lucro legalmente constituídas e inscritas no rexistro administrativo correspondente, así como ás entidades locais menores da provincia de

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Pontevedra, para realizar actividades culturais vinculadas, entre outros ámbitos, ás artes escénicas ás visuais á música e á difusión do patrimonio cultural.

Estas actividades teñen unha especial relevancia na provincia de Pontevedra e materialízanse nas festas, feiras, mostras, ciclos, certames e outras iniciativas culturais que contribúen á difusión da creación artística, á participación cidadá e á dinamización cultural do territorio.

Co fin de facilitarlles ás entidades organizadoras unha ampla oferta artística, mediante a Resolución presidencial do 20 de novembro de 2019 creouse o catálogo de "Culturea" de grupos, artistas e compañías, que constitúe a base para a programación das actuacións financiadas a través deste programa. https://www.depo.gal/es/culturea.

Desde a súa posta en marcha, "Culturea" consolidouse como un instrumento de apoio á programación cultural das entidades da provincia, ao favorecer o acceso da cidadanía a unha oferta cultural diversa e descentralizada e contribuír á dinamización do tecido cultural provincial.
No artigo 44.1 da Constitución española establécese que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todas as persoas teñen dereito.

No ámbito da protección e promoción do patrimonio cultural, no artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, disponse que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario e a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, promovendo o seu recoñecemento, respecto, difusión e valorización.

Así mesmo, no artigo 25 da Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, disponse que o Goberno galego e as corporacións locais, dentro do seu ámbito, fomentarán a normalización do uso do galego, entre outras, nas actividades publicitarias, culturais e asociativas.

Pola súa banda, a Lei 3/2024, de 5 de decembro, de cultura inclusiva e accesible de Galicia, ten por obxecto promover as condicións para que a participación na vida cultural sexa efectiva, inclusiva e accesible para todas as persoas e eliminar os obstáculos que a impidan ou dificulten, ao impulsar o acceso en igualdade de condicións ás diferentes manifestacións culturais, tanto no ámbito da creación profesional e afeccionada como no acceso, recepción, consumo e gozo dos produtos e servizos culturais.
No que respecta ás competencias provinciais, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúeselles ás deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Pola súa parte, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécense como competencia propia das deputacións provinciais o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia e, especificamente, no seu artigo 118.d, atribúelles a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade que teña por finalidade o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

Con base no anterior, a Deputación de Pontevedra impulsa o programa "Culturea" de promoción cultural das agrupacións e asociacións da provincia de Pontevedra. Está dirixido a entidades sen fins de lucro e ás entidades locais menores da provincia; a través del concederanse, durante o ano 2027, actuacións dos grupos incluídos no seu catálogo, dentro das múltiples expresións artísticas, para a programación das actividades culturais realizadas na nosa provincia, de acordo coas seguintes

BASES REGULADORAS

Primeira. Obxecto:
Estas bases teñen por obxecto regular os criterios de concesión das solicitudes de actuación de grupos con cargo ao programa "Culturea", de apoio á promoción cultural de agrupacións ou asociacións da provincia de Pontevedra, que se desenvolverán nela durante o ano 2027.

Segunda. Dotación e imputación orzamentaria:
A concesión das actuacións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria e convócanse con cargo á aplicación 27/330.3340.226.29 cun importe total de un millón trescentos cincenta mil euros (1.350.000 €).

De conformidade co establecido no artigo 58.2 do Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, e no artigo 31 da Lei 9/2007, e 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), a contía inicialmente prevista poderá incrementarse en ata douscentos mil euros (200.000 €), sen necesidade de realizar unha nova convocatoria.

A efectividade desta contía adicional quedará condicionada á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia das circunstancias previstas na normativa aplicable e, de ser o caso, á aprobación da modificación orzamentaria que proceda, antes da súa aplicación.

A Deputación de Pontevedra publicará a declaración de dispoñibilidade do crédito nos mesmos medios que a convocatoria, sen que esta publicidade implique a apertura dun novo prazo para presentar solicitudes nin o inicio dun novo cómputo do prazo para resolver.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Terceira. Réxime xurídico:
A concesión das actuacións previstas nestas bases tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva, de conformidade co previsto no artigo 19.2 da LSG, ao non resultar necesaria —atendendo ao obxecto e á finalidade do programa— a comparación das solicitudes presentadas nun único procedemento.
As solicitudes tramitaranse de forma sucesiva, logo de comprobarse que cumpren os requisitos establecidos nestas bases, ata esgotarse o crédito orzamentario dispoñible, de acordo cos criterios e límites establecidos na base décimo sexta.
O órgano instrutor limitarase a comprobar que se cumpren os requisitos esixidos e aplicar os criterios establecidos nestas bases, sen que proceda efectuar unha valoración comparativa das solicitudes.

Cuarta. Entidades destinatarias:
Poderán beneficiarse das actuacións, con cargo a esta convocatoria, as agrupacións ou asociacións sen fins de lucro legalmente constituídas e inscritas no rexistro administrativo correspondente, ou as entidades locais menores, da provincia de Pontevedra.
Todos os requisitos deberán acreditarse na data de presentación de solicitudes e manterse durante todo o período de execución do programa subvencionado.

Quedan expresamente excluídas do ámbito do programa:

- *As solicitudes efectuadas por persoas físicas, empresas, comunidades de montes, colexios profesionais, entidades deportivas, centros educativos e anpas.*
- *As administracións públicas, os seus organismos autónomos, empresas públicas e outros entes públicos, distintas das entidades locais menores.*

Non poderán obter a condición de beneficiarias:

- *As entidades nas que concorra algunha das prohibicións recollidas no artigo 13 da LXS, así como aquelas que de forma manifesta incumprisen algunha das condicións da cláusula oitava.*
- *Aquelas entidades que formen parte, directa ou indirectamente, do grupo do que se solicita a actuación.*

Quinta. Catálogo de grupos de "Culturea"
Esta catálogo configúrase como o inventario de grupos, artistas e compañías nas súas múltiples e variadas expresións artísticas e servirá como base para que as entidades beneficiarias, como organizadoras de actos culturais, poidan programar as súas actividades coa actuación de grupos incluídos no devandito catálogo.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Este integra grupos de música, teatro, danza e outras modalidades artísticas da provincia; creouse mediante a Resolución presidencial do 20 de novembro de 2019 (BOPPO núm. 226 do 25 de novembro de 2019), actualizouse na Xunta de Goberno do 13 de decembro de 2024 (BOPPO núm. 244 do 17 de decembro de 2024) e está dispoñible no portal www.depo.gal/culturea, xunto coa información detallada sobre cada un deles.

Sexta. Actuacións subvencionables:
Serán subvencionables as actuacións dos grupos, artistas e compañías incluídos no catálogo de "Culturea" que se desenvolvan na provincia de Pontevedra durante o ano 2027.

As actividades deberán estar dirixidas ao público en xeral, ser de entrada libre e favorecer, na medida das características da actividade e do espazo no que se desenvolvan, unha participación cultural inclusiva e accesible.

A entidade solicitante deberá comprobar previamente a dispoñibilidade do grupo, artista ou compañía para realizar a actuación na data solicitada e declarar que coñece e acepta as obrigas derivadas da súa participación no programa.

Sétima. Alcance do programa:
Con cargo a este programa, a Deputación de Pontevedra comprométese ao seguinte:

- *Retribuiralles aos grupos cada actuación autorizada de acordo cos seguintes importes máximos, que a entidade solicitante deberá completar, no seu caso, ata acadar o caché.*

Tipo de grupo	Importe	Tipo de grupo	Importe
Animación infantil	210,00 €	Grupos músico-vocais	210,00 €
Audiovisuais	240,00 €	Grupos pop-rock	300,00 €
Baile moderno	210,00 €	Humoristas	210,00 €
Ballet	240,00 €	Majorettes	210,00 €
Bandas de gaitas	300,00 €	Masas corais (grupo A)	350,00 €
Bandas de jazz	300,00 €	Masas corais (grupo B)	300,00 €
Bandas de música (grupo A)	800,00 €	Maxia	300,00 €
Bandas de música (grupo B)	600,00 €	Música clásica (grupo A)	240,00 €
Bandas de música (grupo C)	500,00 €	Música clásica (grupo B)	210,00 €
Cantautoras/es	210,00 €	Orquestras clásicas	350,00 €

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Charangas	*300,00 €*	*Outros folclores*	*210,00 €*
Grupos de gaitas	*250,00 €*	*Pandeireteiras*	*300,00 €*
Grupos de playback	*210,00 €*	*Poetas*	*210,00 €*
Grupos folclóricos (grupo A)	*400,00 €*	*Rondallas A*	*600,00 €*
Grupos folclóricos (grupo B)	*350,00 €*	*Rondallas B*	*450,00 €*
Grupos folclóricos (grupo C)	*300,00 €*	*Rondallas C*	*300,00 €*
Grupos folk	*300,00 €*	*Teatro (grupo A)*	*700,00 €*
		Teatro (grupo B)	*375,00 €*

- *No cómputo xeral de actuacións autorizadas a cada un dos grupos non se superará o número de 14 actuacións anuais nin o límite máximo establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.*

- *Poñerá á disposición das entidades interesadas que o soliciten un máximo de 50 unidades de carteleira en formato A3, que deberán recollerse nalgunha das oficinas habilitadas para o efecto e que se indiquen na solicitude. Para isto, as entidades interesadas neste servizo deberán achegar, xunto coa solicitude de actuación, o deseño propio da maqueta do cartel en formatos abertos (InDesign ou similares) ou PDF, que deberá seguir as directrices de publicidade corporativa para a elaboración de carteis dispoñibles na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra.*

Oitava. Obrigas das entidades beneficiarias:
As entidades ás que se lles autoricen actuacións con cargo a este programa están obrigadas ao seguinte:

- *Levar a cabo a actividade obxecto da solicitude de actuación e notificar os cambios que se puidesen producir ou comunicar se non se realiza a actividade.*
- *Facilitar un escenario ou marco adecuado para que o grupo poida efectuar as actuacións sen impedimentos, de acordo coas súas necesidades.*
- *Adoptar, segundo as características da actividade e o espazo no que esta se desenvolva, medidas razoables que favorezan a participación cultural inclusiva e accesible e que contribúan a eliminar ou reducir as barreiras que poidan dificultar o acceso e a participación*
- *Presentar o cartel publicitario definitivo do evento, en lingua galega e en formato PDF, elaborado conforme ás directrices de publicidade corporativa da Deputación de Pontevedra, segundo o previsto na base décimo segunda.*

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358***
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

- *En caso de que o cartel inicialmente presentado non sexa o definitivo, achegar este último sen que llo requira previamente a Administración e, como mínimo, 15 días naturais antes da data na que se realice a actuación. Non presentar o cartel definitivo no prazo indicado será causa de exclusión.*
- *Responsabilizarse da veracidade, autenticidade e exactitude de todos os documentos e da información entregados no marco deste procedemento, así como asumir as consecuencias que poidan derivar da súa falsidade ou inexactitude.*
- *Facer a publicidade das actividades en lingua galega e empregar unha linguaxe non sexista, non discriminatoria e que non incite ao odio nin á violencia. Así mesmo, cando resulte pertinente, incluirase información sobre as condicións de accesibilidade da actividade ou do espazo no que esta se desenvolva.*
- *Incluír nas accións promocionais e nos materiais de difusión en medios físicos distintos ao cartel (folletos, publicidade e outras pezas) o logotipo da Deputación de Pontevedra, seguindo as súas respectivas normativas de identidade corporativa, accesibles en https://www.depo.gal/es/identidade-corporativa.*
- *Mencionar nas accións de promoción e nos materiais de difusión en medios dixitais (redes sociais, sitios web, publicidade en liña) os perfís institucionais da Deputación de Pontevedra e incluír o seu logotipo nas pezas gráficas anexas, seguindo as súas respectivas normativas de identidade corporativa descritas en https://www.depo.gal/es/identidade-corporativa.*
- *Conservar un exemplar de cada material promocional coa imaxe corporativa da Deputación de Pontevedra que forme parte da actuación financiada durante un período de 1 ano, para que o órgano concedente poida comprobar o cumprimento dos requisitos da convocatoria.*
- *Que o logotipo da Deputación de Pontevedra sexa visible durante a actuación.*
- *Manter vixente en todo momento a póliza de responsabilidade civil e demais seguros obrigatorios.*
- *Obter todas as autorizacións e permisos necesarios para o bo desenvolvemento da actuación.*
- *Aboar, cando corresponda, as taxas da SGAE ou das entidades análogas correspondentes de protección de dereitos de autoría.*
- *Cumprir a normativa de seguridade e hixiene vixente en cada momento.*
- *Asinar a persoa representante o certificado acreditativo da realización da actuación do grupo autorizado, que se lle remitirá xunto coa comunicación de concesión da actuación solicitada.*

Novena. Presentación de solicitudes:
As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado, dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (https://sede.depo.gal).

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Para a presentación das solicitudes, este Sede electrónica admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal), e os certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Décima. Prazo de presentación de solicitudes:
O prazo para presentar as solicitudes de actuacións comezará a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións.

As solicitudes deberán presentarse, como mínimo, 15 días naturais antes da data na que se realice a actuación, e as realizadas fóra dese prazo serán desestimadas.

Décimo primeira. Comprobación de datos:
Para tramitar este procedemento consultaranse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- *NIF das entidades solicitantes.*
- *DNI ou NIE das persoas representantes.*
- *Domicilio fiscal das entidades solicitantes.*
- *Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Axencia Tributaria de Galicia, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.*

Se as persoas interesadas se opuxesen a estas consultas, deberán marcar o cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, en caso de que algunha circunstancia imposibilitase obter os citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.
Décimo segunda. Documentación.

As entidades interesadas deberán achegar, xunto coa solicitude a seguinte documentación, necesaria para a tramitación do procedemento:

- *Cartel publicitario en galego do evento en formato PDF, que deberá seguir as directrices de publicidade corporativa para a elaboración de carteis, dispoñibles na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra. Este recollerá a totalidade da programación ou das actuacións previstas no evento, así como, cando proceda, as entidades patrocinadoras, colaboradoras e participantes, e incluirá, en todo caso, os seguintes datos: os nomes da entidade peticionaria e do grupo ou grupos solicitados, a denominación do evento, a data e o lugar da actuación e o logotipo/publicidade da Deputación de Pontevedra. Así mesmo, cando*

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

resulte pertinente, incluirá información sobre as condicións de accesibilidade da actividade ou do espazo no que esta se desenvolva.

- *Cando se solicite a impresión de carteis en formato A3, o deseño propio da maqueta do cartel en formatos abertos (InDesign ou similares) ou PDF.*

En caso de que o cartel achegado non sexa o definitivo, as entidades interesadas deberán presentalo, sen que medie requirimento por parte da Administración, cunha antelación mínima de 15 días naturais con respecto á data de realización da actuación. Non se atenderán as solicitudes que non presenten o cartel definitivo cunha antelación menor a este prazo.

En canto aos requisitos lingüísticos establecidos nesta convocatoria, entenderase por "galego" o que segue as Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego vixentes, de acordo co establecido no Decreto 173/1982, de 17 de novembro, sobre a normativización da lingua galega, na disposición adicional da Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, e nas normas aprobadas pola Real Academia Galega na sesión plenaria do 12 de xullo de 2003.

A Deputación de Pontevedra reserva o dereito de efectuar todas as comprobacións, verificacións e controis que considere oportunos co fin de acreditar o cumprimento dos requisitos relativos á presentación, contido e carácter definitivo do cartel publicitario, así como o resto dos datos achegados polas entidades solicitantes, incluída a verificación do cumprimento dos requisitos lingüísticos, técnicos e de identidade corporativa recollidos nestas bases.

Décimo terceira. Notificacións:
As resolucións e os actos administrativos notificaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practicaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, accesible desde a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (https://sede.depo.gal).

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se acceda ao seu contido, e rexeitadas cando transcorresen 10 días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles ás entidades solicitantes avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo cuarta. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes:
Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo "2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude", dispoñible en https://sede.depo.gal.

A Sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Estes poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos electrónica ou presencialmente segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se efectúa o trámite. Estes modelos están dispoñibles en https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos.

Décimo quinta. Instrución do procedemento e avaliación de solicitudes:
Recibidas as solicitudes por parte das entidades interesadas, o Servizo de Cultura da Deputación, como instrutor do procedemento, revisará a documentación administrativa, comprobará que se cumpren os requisitos esixidos nestas bases e realizará cantas actuacións considere necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe pronunciar a resolución.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

A instrución do procedemento comprenderá a análise da documentación achegada polas entidades solicitantes e, de ser o caso, a realización das actuacións de comprobación ou verificación que resulten necesarias para determinar o cumprimento dos requisitos recollidos nestas bases. Para estes efectos, os servizos competentes da Deputación de Pontevedra poderán solicitar as aclaracións, a documentación ou a información complementaria que resulten necesarias, nos termos previstos na normativa aplicable.

Décimo sexta. Adxudicación das actuacións:
Para a adxudicación das actuacións apostarase polo equilibrio territorial e pola diversificación das categorías na repartición de fondos daquelas solicitudes que cumpran os requisitos.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Na aplicación conxunta dos criterios previstos nesta base, o Servizo de Cultura terá en conta as solicitudes en tramitación co obxecto de optimizar o alcance do programa, favorecer a participación do maior número posible de entidades beneficiarias, garantir unha distribución equilibrada dos recursos públicos entre o territorio provincial e as distintas categorías artísticas e asegurar unha utilización eficiente dos créditos dispoñibles, de acordo cos principios de eficacia, eficiencia e boa administración.

Para estes efectos, aplicaranse os seguintes criterios:

- *Atenderanse as solicitudes que realicen as entidades interesadas para un único evento mensual, ata un máximo de seis eventos anuais e un máximo de mil catrocentos euros (1.400,00 €) por evento. Estes límites teñen carácter máximo e non implican o dereito da entidade beneficiaria a obter actuacións ata alcanzar o número de eventos ou o importe sinalados. As actuacións autorizadas e o seu importe poderán ser inferiores en función das solicitudes presentadas, dos criterios establecidos nesta base e da dispoñibilidade orzamentaria.*
- *Dúas entidades distintas non poderán presentar unha solicitude de actuación para o mesmo evento; neste caso, autorizarase unicamente aquela solicitude que se presentase en primeiro lugar e que reúna os requisitos.*
- *Só se autorizará unha actuación dun mesmo grupo do catálogo de "Culturea" por día para un mesmo evento.*
- *Tras autorizarse unha actuación para un evento, non se poderá realizar ningún tipo de cambio (nin de grupo nin de data), salvo casos de forza maior debidamente acreditados.*
- *En caso de insuficiencia de crédito para atender todas as solicitudes en tramitación, daráselles prioridade a aquelas de grupos cun menor número de actuacións, sempre que estas cumpran os requisitos recollidos nestas bases.*
- *Na resolución das solicitudes procurarase, sempre que resulte compatible cos restantes criterios establecidos nestas bases, optimizar o número e o alcance das actuacións autorizadas para cada entidade solicitante, co obxectivo de favorecer unha distribución equilibrada dos recursos públicos entre o maior número posible de entidades beneficiarias.*
- *Non se autorizarán aquelas actuacións nas que a entidade solicitante forme parte, directa ou indirectamente, do grupo sobre o que se solicita a actuación.*

En todo caso, a autorización das actuacións estará condicionada á dispoñibilidade orzamentaria e á aplicación conxunta dos criterios previstos nesta base, sen que a orde cronolóxica de presentación das solicitudes determine por si soa a súa autorización.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Décimo sétima. Resolución da convocatoria
Unha vez efectuada a instrución do procedemento, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución, que se elevará ao deputado delegado de Cultura. Esta poñeralle fin á vía administrativa.

As solicitudes tramitaranse e resolveranse de forma sucesiva durante o período de vixencia do programa, atendendo á proximidade da data prevista para realizar as actuacións e aos criterios establecidos na base décimo sexta.

Na tramitación procurarase que as resolucións se diten e notifiquen coa suficiente antelación respecto da data prevista para realizar a actuación, tendo en conta a data de presentación da solicitude.

O prazo máximo para resolver e notificar será o establecido na normativa reguladora das subvencións, sen que poida exceder os 9 meses, nos termos previstos no artigo 23.4 da LSG.

Transcorrido o prazo máximo sen que se dite e notifique ningunha resolución expresa, a solicitude entenderase como desestimada por silencio administrativo.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Décimo oitava. Pagamento das actuacións autorizadas:
A través deste programa retribuiránselle aos grupos da provincia inscritos no catálogo de "Culturea" as actuacións autorizadas e realizadas ao longo do ano 2027 no ámbito territorial da provincia de Pontevedra coas contías establecidas pola Deputación na base sétima.

O pagamento das actuacións autorizadas con cargo a este programa efectuarase unha vez que se acredite a súa realización mediante o sistema de facturación, accesible desde a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra [1986497/B Facturación de actuacións financiadas con cargo ao programa "Culturea"], para o que se deberá achegar o certificado acreditativo da realización da actuación asinado pola entidade peticionaria.

Décimo novena. Información ás entidades interesadas:
Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional a través dos seguintes medios:

a. *Da páxina web do programa (https://www.depo.gal/es/culturea).*
b. *Da Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (https://sede.depo.gal/), introducindo no buscador o código de procedemento "1986501 Solicitude de actuacións de grupos con cargo ao programa 'Culturea'".*
c. *Do seguinte enderezo electrónico: cultura@depo.gal.*

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Vixésimo. Vixencia:
A vixencia destas bases iniciarase ao día seguinte da súa publicación; será aplicable para todas as actuacións que se desenvolvan ao longo do ano 2027 e estarán condicionadas á existencia de consignación orzamentaria.

Vixésimo primeira. Aceptación das bases e exención de responsabilidade derivada da execución das actividades:
A participación nesta convocatoria implica a plena aceptación destas bases, sen ningún tipo de reservas, ademais de todas as resolucións que adopte a Deputación.

A institución provincial quedará eximida de calquera responsabilidade derivada da execución das actividades que se desenvolvan ao abeiro desta convocatoria; será obriga das entidades beneficiarias a súa contratación, que tamén deberán asegurarse do cumprimento da normativa de seguridade e saúde, riscos laborais, fiscal, laboral e outras que se atopen en vigor e poidan afectar a súa execución.

Vixésimo segunda. Protección de datos:
Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionalo, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado "Normativa aplicable", dispoñible na ficha de procedemento en https://sede.depo.gal.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos.

Vixésimo terceira. Interpretación das bases:
As dúbidas que poidan xurdir en relación coa interpretación e aplicación destas bases resolveraas a Deputación de Pontevedra, a través do órgano competente, de conformidade coa normativa aplicable e atendendo á finalidade e aos obxectivos do programa "Culturea".

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

As situacións non previstas expresamente nestas bases resolveranse de acordo coa normativa xeral aplicable e cos principios de igualdade, obxectividade, transparencia e seguridade xurídica, sen que a súa interpretación poida supoñer a modificación dos requisitos, criterios ou condicións esenciais establecidos na convocatoria.

Os criterios interpretativos que, de ser o caso, se adopten terán carácter xeral cando resulten aplicables a situacións equivalentes, co fin de garantir un tratamento homoxéneo das entidades participantes no programa."

4.37920.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS A AGRUPACIÓNS DE PERSOAL VOLUNTARIO DE PROTECCIÓN CIVIL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2026 (Expte.2026019867)

ANTECEDENTES:

Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 8 de maio de 2026, aprobou as "Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas a agrupacións de persoal voluntario de protección civil da provincia de Pontevedra para o ano 2026" (expte. 2026019867), para mellorar a calidade dos servizos de protección civil que se prestan nos concellos de menos de 50.000 habitantes do territorio da provincia, publicadas no BOPPO núm. 89, do 13 de maio de 2026, co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas.

Segundo.- O prazo de presentación de solicitudes rematou o día 15/06/2026 e nese prazo, un total de 29 agrupacións de voluntarios de protección civil da provincia de Pontevedra presentaron as correspondentes solicitudes (Anexo I).

Terceiro.- Posteriormente procedeuse a requirir ás agrupacións de voluntarios de protección civil da provincia de Pontevedra a emenda dos erros, defectos ou omisións emendables detectados nas súas solicitudes, segundo o previsto nas bases 7ª e 10ª, con expresa advertencia de que no caso de non emendar as faltas ou omisións teríanse por desistidos das súas peticións, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Cuarto.- Incorpóranse aos expedientes de solicitude, os informes dos servizos técnicos provinciais sobre as actuacións presentadas e que cumpren os criterios que se deben ter en conta segundo as bases.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Quinto.- Unha vez avaliado o número de solicitudes recibidas, e visto que as contías solicitadas superan os 100.000 € iniciais da convocatoria, tramitouse a ampliación de crédito prevista na base quinta das reguladoras destas axudas. Así, mediante o acordo número 16.37622 da Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, adoptado na sesión ordinaria de 04 de setembro de 2026 aprobouse a modificación da cantidade prevista para a financiación deste programa, que se incrementa a cento vinte e sete mil douscentos sesenta e sete euros con sesenta e dous céntimos (127.267,62 €).

Sexto.- De acordo coa base 5ª, o financiamento do programa de axudas a agrupacións de persoal voluntario de protección civil da provincia de Pontevedra ascende a cento vinte e sete mil douscentos sesenta e sete euros con sesenta e dous céntimos (127.267,62€), financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2026, imputable á aplicación orzamentaria 2026/942.1350.789.10 para investimentos.

Sétimo.- Segundo a base 6ª o procedemento de concesión será o de concorrencia competitiva, de acordo cos criterios e baremos contidos na dita base, correspondéndolle a súa instrución ó xefe do Servizo de Cooperación cos Municipios, tal como se indica na base 7ª.

Oitavo.- Non obstante, o importe total correspondente ao conxunto das solicitudes non excede do crédito máximo consignado para este programa tras a modificación de crédito realizada. Polo tanto, de conformidade co establecido na base 7ª, non será necesario realizar a valoración das solicitudes, e unicamente se verificará o cumprimento dos requisitos xerais de subvencionabilidade establecidos nas bases. Deste xeito, elabórase unha relación (Anexo I) na que resulta que das 29 solicitudes presentadas, 1 queda excluída nun primeiro momento por non posuír os requisitos fixados nas bases reguladoras e non ser emendables.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Noveno.- Á vista da documentación achegada polas entidades solicitantes, proponse excluír as solicitudes relacionadas do Anexo III, ao non axustarse ás bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas a agrupacións de persoal voluntario de protección civil da provincia de Pontevedra.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas a agrupacións de persoal voluntario de protección civil da provincia de Pontevedra para o ano 2026.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- Base Reguladora sétima de subvencións do programa de axudas a agrupacións de persoal voluntario de protección civil da provincia de Pontevedra para o ano 2026 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez comprobados os expedientes, e determinados os seus obxectos e importes das axudas, elaborarase unha proposta de resolución para someterse á aprobación do órgano competente, previo informe de fiscalización emitido do Servizo de Intervención.

Petición e evacuación de informes

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.

Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que se establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

- Bases de execución 25ª.2 e 4 do Orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Bases reguladoras 1ª, 4ª, 5ª e 6ª das bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas a agrupacións de persoal voluntario de protección civil da provincia de Pontevedra para o ano 2026.
- Base 7ª do programa de axudas a agrupacións de persoal voluntario de protección civil da provincia de Pontevedra para o ano 2026, que regula o procedemento de concesión.

CONCLUSIÓNS

De acordo cos antecedentes e os fundamentos de dereito, no exercicio das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 63 do ROFRXEL e as Bases específicas de execución do vixente orzamento, o informe do Servizo de Cooperación de data 03/11/2026 (CSV: 3O0T7ZJYKN228T3U), o informe da Intervención provincial de data 05/11/2026 (CSV: PAXXQWAPZDVD5375) e a acta da Comisión de Avaliación de data 09/11/2026 (CSV: BW74TMIKAOIQR7EF), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión de subvencións ao abeiro do Programa de axudas a agrupacións de persoal voluntario de protección civil da provincia de Pontevedra para o ano 2026, segundo o procedemento de concorrencia competitiva, ás 28 agrupacións de protección civil da provincia de Pontevedra beneficiarias que figuran no Anexo II para sufragar os gastos derivados dos investimentos e equipamentos por un importe total de 124.772,51 € e de acordo co previsto nas Bases reguladoras.

   Así mesmo, as presentes subvencións concédense con suxeición ás seguintes condicións:

   a) As subvencións concédense para colaborar na execución das devanditas actuacións, non podendo variarse o destino ou finalidade da subvención.

   b) Serán subvencionables os gastos derivados de equipamentos con carácter de investimento necesario para o funcionamento da agrupación, adquiridos polas entidades beneficiarias no período comprendido entre o 13 de maio de 2026 e o 30 de xuño de 2027, e xustificaranse, como máximo, o 31 de xullo de 2027. O incumprimento das obrigas de execución e xustificación dará lugar ao inicio do expediente de perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

c) A execución e xustificación destas actuacións correspóndelle ás agrupacións de persoal voluntario de protección civil da provincia de Pontevedra beneficiarias, e realizarase conforme ao previsto nas Bases reguladoras e a lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.

d) Para o aboamento da subvención concedida, requirirase a presentación da documentación xustificativa prevista nas Bases, e previa comprobación por parte dos servizos técnicos provinciais, Cooperación e Intervención, de que se realizou o gasto para o fin e polo importe subvencionado e, ademais, de que se cumpriu a finalidade e o obxecto da subvención. A non xustificación ou a xustificación fóra de prazo dará lugar ao inicio do expediente de perda, total ou parcial, do dereito ao cobro da subvención correspondente.

2. Autorizar e comprometer o gasto por importe de 124.772,51 € imputable á aplicación orzamentaria 2026/942.1350.789.10, "Achegas para investimentos a agrupacións de protección civil. Cooperación".

3. Desestimar as solicitudes relacionadas no Anexo III, de conformidade coas bases reguladoras de subvencións do programa de axudas ás agrupacións de persoal voluntario de protección civil da provincia de Pontevedra, publicadas no BOPPO núm. 89, do 13 de maio de 2026.

4. Dar traslado do presente acordo aos interesados, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

ANEXO I – RELACIÓN DE SOLICITUDES

N.º ORDE	NIF	Agrupación de Protección civil	Entidade local da que dependen	Expediente	Actuación	Orzamento	Subvención solicitada	importe máximo subvencionable	Observacións
1	G36235158	AGRUPACION DE VOLUNTARIOS DE PROTECCION CIVIL DE AGOLADA	AGOLADA	2026048719	EQUIPAMENTOS DE TELECOMUNICACIONS E EQUIPOS (EPIS) A EMPREGAR EN TAREFAS DE RESCATE (NAVALLAS, BOTAS DE SEGURIDADE E CALZADO EN XERAL), E DE NOCTURNIDADE (LINTERNAS, CHAQUETAS REFRECTANTES)	5.000,57 €	5.000,00 €	5.000,00 €	-
2	G26613547	AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE RIBEIRA DO MIÑO	ARBO	2026048649	COMPRA DE MATERIAL DE RESCATE PARA A AGRUPACIÓN DE PROTECCIÓN CIVIL RIBEIRA DO MIÑO	4.969,00 €	4.969,00 €	4.969,00 €	-
3	G36263747	AGRUPACION MUNICIPAL VOLUNTARIOS PROTECCION CIVIL DE CALDAS DE REIS	CALDAS DE REIS	2026048720	ADQUISICIÓN EQUIPACIÓN TÉCNICA, EQUIPOS DE TELECOMUNICACIÓNS E TELEFONÍA	5.220,08 €	5.000,00 €	5.000,00 €	-
4	G36245702	AGRUPACION DE VOLUNTARIOS DE PROTECCION CIVIL DE CAMBADOS	CAMBADOS	2026048337	COMPRA DE MATERIAL PARA EMERGENCIAS	4.915,07 €	4.915,07 €	4.915,07 €	-
5	G36192938	AGRUPACION DE VOLUNTARIOS DE PROTECCION CIVIL DE CANGAS	CANGAS	2026048327	ADQUISICIÓN DE EPIS DE ALTA VISIBILIDADE E EQUIPOS DE COMUNICACIÓNS DMR	4.566,25 €	4.566,25 €	4.566,25 €	-

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

6	G36263689	AGRUPACION MUNICIPAL DE VOLUNTARIOS DE PROTECCION CIVIL DE CATOIRA	CATOIRA	2026047509	ADQUISICIÓN DE EQUIPOS DE PROTECCIÓN/VESTIARIO PARA OS VOLUNTARIOS DA A.V.P.C. DE CATOIRA	3.390,42 €	3.390,42 €	3.390,42 €	-
7	G36331270	AGRUPACION PROTECCION CIVIL DO CONCELLO DE CERDEDO	CERDEDO COTOBADE	2026048206	COMPRA DE MATERIAL INVENTARIABLE	5.040,88 €	5.000,00 €	5.000,00 €	-
8	G36262319	AGRUPACION DE VOLUNTARIOS DE PROTECCION CIVIL DE CUNTIS	CUNTIS	2026047059	ADQUISICIÓN DE XERADOR ELÉCTRICO, ROZADOIRA E MANGUEIRA PARA EXTINCIÓN DE INCENDIOS	5.510,34 €	5.000,00 €	5.000,00 €	-
9	G72583529	AGRUPACION DE VOLUNTARIOS DE PROTECCION CIVIL DE DOZON	DOZÓN	2026048844	ADQUISICIÓN DE MAQUINARIA E FERRAMENTAS AVPC DOZÓN	4.961,17 €	4.961,17 €	4.961,17 €	-
10	G36191021	AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE LALÍN	LALÍN	2026048377	EQUIPAMENTO OPERATIVO 2026-2027	5.014,24 €	5.000,00 €	5.000,00 €	-
11	G36823847	ASOCIACIÓN DE VOLUNTARIOS PROTECCION CIVIL DO VAL MIÑOR	MANCOMUNIDADE DO VAL MIÑOR	2026046976	ADQUISICIÓN DE MATERIAL DE COMUNICACIONES PARA A AGRUPACIÓN	4.973,10 €	4.973,10 €	4.973,10 €	-
12	G36265155	ASOCIACION AGRUPACION PROTECCION CIVIL DE MEIS	MEIS	2026048604	ADQUISICIÓN DIVERSO MATERIAL NECESARIO PARA O CORRECTO DESENVOLVEMENTO DAS FUNCIÓNS	4.879,28 €	4.879,28 €	4879,28 €	-

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

13	G94157914	AGRUPACIÓN MUNICIPAL DE VOLUNTARIOS PROTECCIÓN CIVIL DE MOAÑA	MOAÑA	2026048614	MODERNIZACIÓN E RENOVACIÓN DE EQUIPAMIENTO OPERATIVO E DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL PARA INTERVENCIÓNS DE EMERXENCIA	2.805,58 €	2.805,58 €	2.805,58 €	-
14	G94157369	AGRUPACION DE VOLUNTARIOS DE EMERXENCIAS E PROTECCION CIVIL OITAVEN-TEA	MONDARIZ	2026048584	DESFIBRILADOR DE BOLSILLO E EPI ALTA VISIBILIDADE PARA TRABALLOS Á INTEMPERIE	5.486,26 €	5.000,00 €	5.000,00 €	-
15	G36476877	AGRUPACION DE VOLUNTARIOS E VOLUNTARIAS DE PROTECCION CIVIL DE MORAÑA	MORAÑA	2026048845	ADQUISICIÓN DE MATERIAL DE TELECOMUNICACIÓNS, MATERIAL INFORMÁTICO E MELLORA DE MOBILIARIO DA BASE DE PROTECCIÓN CIVIL	1.704,53 €	1.704,53 €	1.704,53 €	-
16	G36236719	AGRUPACION DE VOLUNTARIOS DE PROTECCION CIVIL DEL CONCELLO DE POIO	POIO	2026048378	INVESTIMENTO EN EQUIPAMENTOS	4.898,85 €	4.898,85 €	4.898,85 €	-
17	G27754597	AGRUPACION MUNICIPAL DE VOLUNTARIOS DE PROTECCION CIVIL DE PORRIÑO	PORRIÑO, O	2026048045	ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO TÉCNICO E DE INTERVENCIÓN PARA A MELLORA DA CAPACIDADE OPERATIVA DA AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL	5.716,31 €	5.000,00 €	5.000,00 €	-
Data: 20/11/2026 11:19

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudio de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborarase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE:

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª,20ª, 21ª,22ª e 23ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 29/07/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 07/09/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 06/11/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358***
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

- Conceder ao concello de SANXENXO (P3605100A), ao abeiro do plan +Provincia 2026-2027 liña1-investimentos (anualidade 2026) unha subvención por importe de 243.860,07 euros, co obxecto do financiamento do investimento "ADECUACIÓN DOS PARQUES INFANTÍS DO CONCELLO DE SANXENXO" (Expte.2026027260), cuxo orzamento ascende a 243.860,07 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS CONCELLO
2026	243.860,07€	243.860,07€	0,00€	0,00€

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada a que o Concello achegue coa primeira xustificación do gasto realizado a autorización sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra, así como o decreto (ou o acordo) de aprobación do proxecto e acta de implantación (anexo III) debidamente cumprimentada.

- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén http://sede.depo.gal) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.

- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.

- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de SANXENXO, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

9.37925.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA OBRA "MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA MEDIANTE REPOSICIÓN DO FIRME E SINALIZACIÓN NA EP 2702 AMOEDO-OS VALOS, DENDE O PQ. 0+000 AO PQ. 6+394 (CONCELLO DE PAZOS DE BORBÉN)." (Expte.2026068649)

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Resultando.- Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo publico viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.

Resultando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Resultando.- Que durante os meses de xaneiro e febreiro, Galicia viuse afectada por unha sucesión e episodios meteorolóxicos adversos caracterizados por precipitacións persistentes e de elevada intensidade, fortes ventos e condicións climatolóxicas especialmente desfavorables.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Resultando.- Que as choivas continuadas favoreceron a infiltración de auga nas capas do firme, reducindo a súa capacidade portante e acelerando o proceso de degradación daqueles treitos que presentaban un estado de conservación máis sensible. A circulación habitual de vehículos (especialmente o elevado número de vehículos pesados que transitan esta estrada) sobre un pavimento saturado de auga agravou as patoloxías existentes, dando lugar a un deterioro progresivo e xeneralizado.

Resultando.- Que as inspeccións realizadas permiten constatar que o firme da estrada presentaba, con carácter previo aos episodios meteorolóxicos dos meses de xaneiro e febreiro, determinadas patoloxías compatibles coa súa antigüidade, o volume de tráfico soportado e o proceso normal de envellecemento dos materiais, tales como fisuras illadas, perdas puntuais de textura superficial e pequenas deformacións localizadas.

Resultando.- Que en consecuencia, aínda que determinadas lesións xa existían con anterioridade como consecuencia do envellecemento natural do pavimento, debe concluírse que a actuación dos temporais constituíu o factor desencadeante que provocou o esgotamento definitivo da capacidade estrutural do firme e precipitou un deterioro que, en condicións meteorolóxicas normais, se tería producido de forma moito máis gradual e a medio prazo, polo que os danos actualmente existentes non poden atribuírse exclusivamente ó desgaste ordinario derivado do uso da infraestrutura, senón que responden a un episodio extraordinario de aceleración do deterioro provocado por unhas condicións meteorolóxicas especialmente adversas.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse pola enxeñeira adscrita ó Servizo de Infraestruturas Dona Belén Pampín Camino, o proxecto "Mellora da seguridade viaria mediante reposición do firme e sinalización na EP 2702 Amoedo-Os Valos, dende o pq. 0+000 ao pq. 6+394 (Concello de Pazos de Borbén).", cun orzamento base de licitación de 1.437.381,86 euros IVE engadido. A este proxecto asignóuselle o código CSV: 4GQRARQN2SO12X1A.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibiuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas e Mobilidade, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras "Mellora da seguridade viaria mediante reposición do firme e sinalización na EP 2702 Amoedo-Os Valos, dende o pq. 0+000 ao pq. 6+394 (Concello de Pazos de Borbén)".

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC número 12026000216868, por importe de 1.437.381,86 € con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial, acreditando a existencia de consignación para facer fronte a este gasto.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV EN7U11MQS12GN28U, informe favorable de fiscalización do proxecto.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: XK93SV6OK1PCC1UR, informe favorable de supervisión do proxecto, emitido por D. Evaristo Juncal Froján, enxeñeiro adscrito ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Resultando.- Que estudada a documentación do proxecto, considerase necesaria a autorización sectorial da consellería competente en materia de infraestruturas da Xunta de Galicia, dado que o trazado, no seu punto quilométrico 0+000, intersecta ca estrada autonómica PO-250. Consta no expediente con CSV: HSZM9WX60MQSSMKJ solicitude ante a Axencia Galega de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia.
Considerando.- Que non son necesarias máis autorizacións derivadas da normativa sectorial aplicable, consonte ao artigo 20 Informes sectoriais da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

Considerando.- Que o artigo 231 da LCSP establece que: "...a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ó órgano de contratación..."

Considerando.- Todo o recollido no Título I, Capítulo I, sección 1ª da LCSP, referente ás actuacións preparatorias do contrato de obras.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras un valor estimado de douscentos mil euros.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358***
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto de execución da obra "Mellora da seguridade viaria mediante reposición do firme e sinalización na EP 2702 Amoedo-Os Valos, dende o pq. 0+000 ao pq. 6+394 (Concello de Pazos de Borbén)", redactado pola enxeñeira adscrita ó Servizo de Infraestruturas Dona Belén Pampín Camino, cun orzamento base de licitación de 1.437.381,86€, IVE engadido. A este proxecto asignóuselle o código CSV: 4GQRARQN2SO12X1A.

10.37926.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DERIVADO DO LOTE 1 DO ACORDO MARCO DE CUNETAS DE SEGURIDADE NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA ANO 2026. (Expte.2026033257)

Resultando.- Que o Pleno da Corporación na súa sesión de data 30/09/2022 acordou adxudicar o LOTE 1 - ZONA NORTE, do "Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra", á empresa EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L., a cal ofertou unha porcentaxe de baixa do 9,130%.

Resultando.- Que o mesmo órgano na súa sesión ordinaria do día 31/10/2025 acordou aprobar a terceira prórroga do Acordo marco que regula as obras de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra polo período dun ano, para o contrato do lote 1 será con efectos do día 4 de novembro de 2025.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do dia 8 de maio de 2026, acordou adxudicar o Contrato derivado Lote 1 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2026" á empresa EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L., (CIF B15410608) por importe de 664,625,98 € IVE engadido. O prazo de execución do presente contrato será de SEIS (6) MESES, a contar dende a formalización da acta de comprobación de replanteo.

Resultando.- Que con data 11/05/2026 formalizouse entre o director de obra e o contratista acta de comprobación de replanteo, establecendo nese intre coma data para finalizar a obra o día 11/11/2026.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Resultando.- Que con data 21/10/2026 tivo entrada a través do Rexistro electrónico da Deputación (REX_WEB2026078414), escrito do contratista solicitando unha ampliación de prazo na execución da obra de CINCO MESES E SETE DÍAS (5,24 MESES), debido ás seguintes ás seguintes circunstancias:

- Durante a execución dos traballos constatouse unha presencia de roca considerablemente superior en anualidades anteriores, cunha incidencia directa nos rendementos e na programación dos traballos. Durante os cinco primeiros meses de execución transcorridos, os traballos de escavación ocuparon aproximadamente o tempo equivalente a catro meses de actividade de escavación, supoñendo un incremento de volume de roca total escavado con respecto a outras anualidades que vai do 5% ó 40 %, supoñendo en consecuencia que o volume escavado durante estes catro meses requiriría 1,26 meses de terse mantido a proporción media de roca rexistrada noutras anualidades, habendo polo tanto unha maior duración das escavacións de aproximadamente 2,74 meses.

- Dende o inicio dos traballos, sufríronse días con condicións climatolóxicas adversas, que impediron a execución de unidades de obra, segundo as calidades e prescricións recollidas no prego técnico. Segundo informe meteorolóxico de Meteogalicia que se xunta, se reflexan 40 días (1,33 meses) con precipitacións dende o inicio dos traballos.

- Durante a execución de apertura de zanxas atopáronse servizos afectados enterrados non previstos, tendo que restituírse. Compútanse 35 días de traballo non previstos (1,17 meses).

Resultando.- Que de acordo co art. 195.2 da LCSP, consta no expediente con CSV: IF0OGGGSL32J7Z7R, informe da responsable do contrato, que recolle o seguinte*: "... esta dirección facultativa considera que as causas alegadas de demora non son imputables ao contratista, entendendo xustificada a concesión da prórroga para a ampliación do prazo de execución da obra no prazo solicitado de 5,24 MESES (equivalente a 5 MESES e 7 DÍAS), ata o 18 de abril de 2027. Compre indicar que os partes meteorolóxicos xa os aporta o contratista no seu escrito de solicitude de prórroga. Non existen afeccións ao proxecto, a outras condicións de execución nin a o prezo do contrato que impliquen a necesidade da modificación contractual máis alá da ampliación do prazo sinalada..."*

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polo Xefe de Servizo de Contratación, a Secretaria Xeral da Deputación e o Interventor (CSV) 1NID9R4HMFEYLX6G no que se recolle o seguinte: *"...* que en atención o informe do/a responsable do contrato, infórmase favorablemente, autorizando a ampliación do prazo de execución 5,24 MESES (equivalente a 5 MESES e 7 DÍAS), sendo a data de finalización deste contrato o 18 de abril de 2027.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: "...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva..."

Considerando.- Que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo d execución dos contratos o seguinte: "...Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor..."

Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: "1. A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración..."

Considerando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 08/05/2026 acordou adxudicar á empresa TPF GENTISA EUROESTUDIOS, S.L. (B84840685) o Contrato derivado lote 1 AM seguridade e saúde no Contrato derivado Lote 1 do "Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2026".

Considerando.- Que o PCAP que rexe nesta contratación establece que atendendo ás necesidades existentes adxudicaranse os correspondentes contratos derivados.

Considerando.- Que os traballos obxecto dos contratos derivados que se adxudiquen terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Considerando.- Que na súa consecuencia proponse á empresa TPF GENTISA EUROESTUDIOS, S.L., para a adxudicación do Contrato derivado Lote 1 AM seguridade e saúde na ampliación do prazo na execución do "Contrato derivado Lote 1 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2026", por un importe de 4.120,82 € IVE incluído.

Considerando.- O informe emitido pola xefa do Servizo de Fiscalización que consta con CSV: 54BJB13TDYJ1X4BG, no que se recolle que na aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gasto código nº 2021053554/1, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto emitiuse o documento RC nº 12026000229966.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358***
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Conceder á empresa EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L., unha ampliación de prazo de 5,24 MESES (equivalente a 5 MESES e 7 DÍAS), na execución do Contrato derivado Lote 1 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2026, establecendo coma data para finalizar a obra o día 18 de abril de 2027, a partires da cal, de non estar terminada se lle aplicaran ó contratista automaticamente penalidades previstas.

2. Adxudicar á empresa TPF GENTISA EUROESTUDIOS, S.L. (B848406859, o Contrato derivado Lote 1 AM seguridade e saúde na ampliación do prazo na execución do "Contrato derivado Lote 1 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2026", por un importe de 4.120,82 €, IVE engadido, de acordo co seguinte detalle:

Importe ..... 3.405,64 €
IVE (21 %) .....715,18 €
Importe total.....4.120,82 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado terán lugar durante os 5 MESES e 7 DÍAS polo que se amplía o prazo de execución do Contrato derivado Lote 1 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2026, con efectos dende o 12/11/2026.

Neste contrato derivado, nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2026077436.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

11.37927.- ADXUDICACIÓN DO ACORDO MARCO QUE REXERÁ NA CONTRATACIÓN DUN SOFTWARE INTEGRAL DE XESTIÓN DE POLICÍA LOCAL PARA AS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA. (Expte.2025077418)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 26 de xuño de 2026, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto do "*Acordo marco para a contratación mediante procedemento aberto dun software integral de xestión de policia local para as entidades locais da provincia de Pontevedra.*

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ao DOUE en data 29-06-2026 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Público con data 30-06-2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 30-07-2026 procedeu á apertura electrónica e cualificación dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras, resultando admitidas as seguintes empresas:

- EUROCOP SECURITY SYSTEMS S.L. B84137470
- NUBELCO SOFTWARE S.L. B88275623
- TELEFONICA DEFENSA Y SEGURIDAD SAU A28980910
- UTE LABRAX SOLUCIONES S.L. – ALMERIMATIK SISTEMAS INFORMATICOS SAU (B70334529-A04227757)

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, presentados polas empresas que resultaron admitidas, e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico do servizo de Novas Tecnoloxías para a súa valoración.
Con data 07/09/2026, a Xefa do servizo de Novas Tecnoloxías emitiu o correspondente informe relativo á valoración da documentación técnica presentada polas empresas licitadoras con (CSV: T8PGIK2YCKTXV4DX), sendo as puntuacións outorgadas as seguintes:

CRITERIO	Máximo	Telefónica	Eurocop	Almerimatik	Nubelco
Descrición detallada do servizo					
Proposta de metodoloxía e xestión de incidencias para a prestación do servizo	5,00	3,80	3,00	3,10	4,50
Plan de implantación	5,00	4,80	3,20	3,50	4,80
Plan de formación	6,00	5,20	3,50	4,50	5,00
Características da solución proposta	9,00	8,00	4,50	7,40	7,80
TOTAIS	25,00	21,80	14,20	18,50	22,10

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

En base a dito informe a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 17/09/2026 presta conformidade ás puntuacións acadadas, e procede á apertura electrónica dos sobres "C", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, das empresas que resultan admitidas e que acadan unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas. Os valores ofertados constan no certificado da mesa de contratación con (CSV WUXZYH79L075MIDS).

Feitas as valoracións de conformidade cos criterios establecidos no prego de cláusulas administrativas, as puntuacións correspondentes aos criterios avaliables automáticamente son os seguintes:

	TELEFONICA	EUROCOP	ALMERIMATIK	NUBELCO
Criterio 1.-Prezo ofertado para a cuota anual de pago por uso da solución (MAX 25)	21,72	12,01	0,00	14,72
Criterio 2:- Prezo da cuota anual de pago por uso dos modulos adicionais e opcionais(MAX 10)	10,00	5,56	3,26	0,15
Criterio 3.- Funcionalidades para a solución MAX 40	33,500	40	40	40
Total sobre C	65,22	57,57	43,26	54,88

As puntuacións totais dos sobre B+C, son as seguintes:

	TELEFONICA	EUROCOP	ALMERIMATIK	NUBELCO
SOBRE B	21,80	14,20	18,50	22,10
SOBRE C	65,22	57,57	43,26	54,88
TOTAL	87,02	71,77	61,76	76,98

No mesmo acto, a Mesa de Contratación procedeu á clasificar por orde decrecente de puntuación as ofertas; e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, procedera á adxudicación do contrato a favor da empresa TELEFONICA DEFENSA Y SEGURIDAD SAU A28980910, polos prezos e valores ofertados.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Resultando que o persoal técnico do servizo de Contratación, comproba que a referida empresa se atopa inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público. O certificado de inscrición acreditan, a tenor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, e demais circunstancias inscritas, así como a concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar.

Resultando que, mediante Resolución Presidencial 2026007714 de data 24-09-2026 o órgano de contratación acepta a proposta de adxudicación da Mesa de Contratación, e require á citada empresa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

Resultando que a empresa presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Considerando os artigos 150 e 151 da LCSP, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.
Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Adxudicar o Acordo Marco mediante procedemento aberto que rexerá a contratación dun software integral de xestión de policía local para as entidades locais da provincia de Pontevedra, á empresa TELEFÓNICA DEFENSA Y SEGURIDAD S.A.U. A28980910, polos seguintes prezos unitarios:

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

- Prezo da cota anual de pago por uso da solución

Cota anual de pago por uso da solución para cada tipo de entidade local en función do número de habitantes.	Importe sen IVE	21% de IVE	Importe co 21% IVE
Concellos de ata 5.000 habitantes	3.257,10€	683,99€	3.941,09
Concellos dende 5.001 ata 10.000 habitantes	4.469,85€	938,67€	5.408,52€
Concellos dende 10.001 ata 20.000 habitantes	4.954,95€	1.040,54€	5.995,49€
Concellos dende 20.001 ata 40.000 habitantes	7.000,12€	1.469,03€	8.469,15€

- Prezo da cota anual de pago por uso para os módulos adicionais:

MÓDULO DE TELEFONIA (MD.1)	Importe sen IVE	21% de IVE	Importe co 21% IVE
Concellos de ata 5.000 habitantes	571,73 €	120,06 €	691,79 €
Concellos dende 5.001 ata 10.000 habitantes	744,98 €	156,44 €	901,42 €
Concellos dende 10.001 ata 20.000 habitantes	883,58 €	185,55 €	1.069,13 €
Concellos dende 20.001 ata 40.000 habitantes	1.091,48 €	229,21 €	1.320,69 €

MÓDULO DE VIDEO ANALITICA (MD.2)	Importe sen IVE	21% de IVE	Importe co 21% IVE
Concellos de ata 5.000 habitantes	1.299,38 €	272,87 €	1.572,25 €
Concellos dende 5.001 ata 10.000 habitantes	1.472,63 €	309,25 €	1.781,88
Concellos dende 10.001 ata 20.000 habitantes	1.715,17 €	360,19 €	2.075,36 €
Concellos dende 20.001 ata 40.000 habitantes	2.044,35 €	429,31 €	2.473,66 €

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

MÓDULO DE INTELIGENCIA ARTIFICIAL (IA) (MD.3)	Importe sen IVE	21% de IVE	Importe co IVE
Concellos de ata 5.000 habitantes	175,40 €	36,84 €	212,24 €
Concellos dende 5.001 ata 10.000 habitantes	348,00 €	73,08 €	421,08
Concellos dende 10.001 ata 20.000 habitantes	607,78 €	127,63 €	735,41 €
Concellos dende 20.001 ata 40.000 habitantes	955,03 €	200,56 €	1.155,59 €

E de acordo coas seguintes características da solución:

ID	Funcionalidade	Incluída [Si/No]
FN 1	Base de Software Libre	Si
FN 2	API Aberta e documentada	Si
FN 3	Xestión do coñecemento e formación	Si
FN 4	Xestión de Recursos Humanos extendida	Si

FN 5	Módulo de tramitación de procedementos Xudiciais	NO
FN 6	Módulo de Seguridade Cidadán	NO
FN 7	Módulo de Mobilidade Urbana	Si
FN 8	Módulo de Medio Ambiente	Si
FN 9	Módulo de Informes	Si
FN 10	Módulo de Libro de Rexistro	Si
FN 11	Módulo de trámites administrativos asociados á Policía	Si
FN 12	Xestión de Sala	Si
FN 13	Módulo de Asistencias	Si

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358***
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

FN 14	Módulo de comunicacións	NO
FN 15	Módulo de xestión de tráfico	Si
FN 16	Módulo de axuda e contacto a soporte	Si
FN 17	Documentación preformateada	Si

Financiación: O Acordo Marco non supón obriga económica ningunha para a Deputación de Pontevedra, xa que as obrigas económicas serán as que resulten dos contratos derivados que adxudiquen as entidades locais ao abeiro do Acordo marco, que se axustarán, á oferta da empresa parte do Acordo Marco.

Non obstante, a efectos informativos, establécese un orzamento máximo estimado para o conxunto de contratos derivados que se poidan adxudicar durante a vixencia do Acordo Marco que se adecúa aos prezos do mercado, por un importe total 21% de IVE engadido de: 2.533.425,40€ para os 4 anos de duración do acordo marco.

Os contratos derivados serán financiados polas entidades locais que os adxudiquen, con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes que acorden os seus órganos de contratación.

Forma de pagamento: Os pagos ao adxudicatario por parte das entidades adheridas ao contrato serán abonados con periodicidade anual, con todo queda en mans das partes asinantes do contrato derivado fixar unha periodicidade de pago distinta (inferior) á anual.

Estes pagos anuais contemplarán na cota o concepto de:

- pago por uso da solución base, máis.
- as cotas correspondentes aos módulos opcionais e adicionais, que a entidade local haxa requirido para o seu contrato derivado.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos bens entregados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola empresa adxudicataria nos termos que indiquen as correspondentes entidades locais que adxudiquen cada un dos contratos derivados.
Responsable do contrato: A xefa do servizo de Novas tecnoloxías.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.
Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

12.37928.- AUTORIZACIÓN DO PROXECTO REFORMULADO E MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN CO FIN DE AXUSTAR O FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO "HUMANIZACIÓN NO ALCOUCE-FIGUEIRIDO (1ª FASE)", CONCELLO DE VILABOA, FINANCIADA NO MARCO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 (ANUALIDADE 2026) LIÑA 1 INVESTIMENTOS (Expte.2026004402)

ANTECEDENTES:
O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal 2026-2027, (en adiante Plan +Provincia 2026-2027) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 2 de xaneiro de 2026.

En data 17/04/2026, mediante acordo da Xunta de Goberno núm. 13.36919, concedeuse ao *concello de Vilaboa*, polo procedemento de concorrencia non competitiva, unha subvención por importe de 173.007,18 euros, con destino ao financiamento do investimento "Humanización no Alcouce – Figueirido (1ª Fase)" (Expte.2026004402), en base a un orzamento polo importe de 173.007,18 €.

En data 06/10/2026 consta entrada na sede electrónica da Deputación, co núm. WEB2026075680, instancia do concello de Vilaboa, na que solicita o cambio de proxecto para levar a cabo o investimento mencionado *ut supra*.

A reformulación do proxecto "Humanización no Alcouce – Figueirido (1ª Fase)", ven motivada na necesidade de actualizar o orzamento inicial polo incremento dos prezos na construción, declarándose deserto o procedemento de licitación, por non presentarse ningunha empresa á licitación. O incremento da contía será asumido polo Concello con fondos propios.

A presente actuación conta co informe de supervisión favorable do facultativo do servizo de Cooperación cos Municipios.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026 -2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 20256 -2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudio de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborarase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública.
  A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.
- Base 31ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026 - 2027 que sinala que con posterioridade ao acordo ou á resolución de concesión de subvención, antes de que se inicie a licitación do proxecto da actuación subvencionada e sempre e cando non se prexudiquen intereses de terceiras persoas, poderase solicitar unha modificación do acordo ou da resolución pola necesidade de reformular o proxecto sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 23/10/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 26/10/2026, que conclúe favorablemente a tramitación do proxecto reformulado, e do informe da Intervención Provincial, de data 28/10/2026 a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar o proxecto reformulado, presentado en data 06/10/2026 con rexistro WEB2026075680, sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada, nin o importe da subvención concedida.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

- Modificar o acordo da Xunta de Goberno do día 17 de abril de 2026 no seu punto 13.36919, de concesión de subvención, ao abeiro do plan +provincia 2026-2027 liña 1, co fin de axustar o financiamento do investimento "Humanización do Alcouce – Figueirido (1ª Fase) (Expte.2026004402), quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS CONCELLO
2026	203.007,18€	173.007,18€	0,00€	30.000,00€

- O resto do texto da Xunta de Goberno do día 17 de abril de 2026 no seu punto 13.36919, permanece invariable.

- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Vilaboa, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

13.37929.- APROBACIÓN DA ADDENDA PARA PRORROGAR A VIXENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DA PARCELA SOBRE A VÍA FÉRREA NA RÚA DOCE DE NOVEMBRO (Expte.2024065064)

ANTECEDENTES

- Na data 31/10/2024 a Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria, adoptou o acordo núm. 2.34325 polo que se aprobaba o "CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DA PARCELA SOBRE A VÍA FÉRREA NA RÚA DOCE DE NOVEMBRO".

- Na data 19/11/2024 asinouse o citado convenio que ten por obxecto a cooperación entre ambas Administracións para levar a cabo as obras de acondicionamento da parcela sobre a vía férrea na rúa Doce de Novembro, coa finalidade de conseguir un obxectivo de claro interese público e común, consistente en satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre as que se atopa a transformación da contorna urbana mediante o desenvolvemento de proxectos que persigan a mellora da mobilidade, a humanización e a calidade medioambiental.

- Na cláusula décima do convenio establécese como prazo de execución, finalización e xustificación do investimento a data límite do 31/12/2026. Na dita cláusula tamén se contempla que "No caso de imposibilidade de remate das obras ou xustificación nos prazos referidos, as partes poderán acordar a ampliación dos mesmos ata o 31 de decembro de 2027".

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358***
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Así mesmo, a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece no seu artigo 49.h) 2.º que "En calquera momento antes da finalización do prazo previsto no apartado anterior, os asinantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción".

- Na data 15/10/2026, mediante rexistro núm. WEB2026077438, o Concello de Pontevedra presenta a solicitude de prórroga do convenio, debido a que tras a presentación por parte do contratista da renuncia a continuar co contrato, a Xunta de Goberno Local acordou proceder á resolución por mutuo acordo do contrato administrativo das obras, o que obrigou ao Concello a comezar un novo proceso de licitación para completar o acondicionamento da parcela sobre a vía férrea na rúa Doce de Novembro, que terminou coa adxudicación do novo contrato o 20/08/2026 e a súa formalización o 25/08/2026, asinándose a acta de comprobación de replanteo o 28/09/2026 e, ao estar fixado en 4 meses o prazo de duración das obras, resulta inviable o remate das mesmas antes do fin do prazo estipulado.
- De acordo co anterior, a cláusula novena prevé a constitución dunha Comisión de Seguimento que terá por obxecto o seguimento e coordinación da execución do presente convenio e a resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación. A dita Comisión estará integrada por dous representantes de cada unha das administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

- Na data 23/10/2026, á vista dos antecedentes e da evolución administrativa do expediente conducente á execución do obxecto do convenio de referencia, reúnense os membros da citada Comisión de Seguimento e acórdase, por unanimidade, tal como se fai constar na acta da mesma (CSV: 0Z2W6OI25WSDRQ4T), propoñer prorrogar a vixencia do "CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DA PARCELA SOBRE A VÍA FÉRREA NA RÚA DOCE DE NOVEMBRO", establecendo como prazo de execución, finalización e xustificación da obra a data límite do 31/12/2027, ante a imposibilidade material de rematar as actuacións obxecto do convenio no prazo previsto no mesmo, isto é, o 31 de decembro de 2026, e adaptar así a redacción da cláusula décima á realidade de execución das obras nel recollidas.

- Toda vez que non consta a aprobación do texto da addenda polo Concello de Pontevedra, procede a súa aprobación condicionada á aprobación do mesmo polo órgano competente municipal.

- Recibida a documentación necesaria por parte do concello de Pontevedra para a tramitación da addenda, o xefe do Servizo de Cooperación na data 26/10/2026 informa a proposta de addenda (CSV: OTX96S7DY6TVF9UT) e, pola súa banda, na data 29/10/2026, a Intervención provincial emite dilixencia de conformidade (CSV: SY39GQ4Y6LABWXB8).

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Lexislación aplicable

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Bases de execución do vixente orzamento da Deputación.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra para a execución das obras de acondicionamento da parcela sobre a vía férrea na rúa Doce de Novembro.

Consideracións Xurídicas:

Competencia*:*

- Artigo 25.2.d) da LRBRL, atribúe aos municipios competencia en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade. En concordancia co anterior, o artigo 80.2.d) da LALGA atribúe as administracións municipais competencia en materia de urbanismo e parques e xardíns.

- Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica aos concellos. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ó conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo ós seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Procedencia da addenda

- Artigo 49.f) da LRXSP que recolle como contido mínimo dos convenios os mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos.
- Artigo 49.h.2º) da LRXSP, que establece como regra ao respecto da vixencia dos convenios, que en calquera momento antes da finalización do prazo de vixencia do convenio, os asinantes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais.
- Cláusula Décima do convenio, que indica que, no caso de imposibilidade de remate das obras ou xustificación nos prazos referidos, as partes poderán acordar a ampliación dos mesmos ata o 31 de decembro de 2027.

Réxime competencial

- De conformidade co disposto no artigo 10.4 da LXS, que sinala que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local, en virtude do establecido no artigo 35 da LRBRL e na Base 16º 2 das de execución do Orzamento Provincial, compételle á Xunta de Goberno a autorización e disposición do gasto e aprobación da addenda ao convenio.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

CONCLUSIÓNS

Por todo o exposto, e en base ás precedentes consideracións e ao interese público que representa esta actuación para a cidade de Pontevedra, da veciñanza e resto de potenciais visitantes da cidade, e visto que o convenio se atopa vixente e que a addenda solicitada non excede dos límites establecidos pola lexislación aplicable, visto que as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros, INFORMO FAVORABLEMENTE a sinatura dunha addenda para ampliar a vixencia do citado convenio, co fin de adecuar os prazos de execución, finalización e xustificación previstos á realidade de execución das obras.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- APROBAR a Addenda para prorrogar a vixencia do Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra para a execución das obras de acondicionamento da parcela sobre a vía férrea na rúa Doce de Novembro", cuxo texto literalmente transcrito di como segue:

"ADDENDA PARA PRORROGAR A VIXENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DA PARCELA SOBRE A VÍA FÉRREA NA RÚA DOCE DE NOVEMBRO
En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN
Dunha banda, D. Luis López Diéguez, na súa condición de presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

E doutra parte, D. Miguel Anxo Fernández Lores, alcalde do Concello de Pontevedra, actuando en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 124.1 e 124.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Actúan D. José Carlos Castiñeira Piñeiro, en calidade de secretario do Concello de Pontevedra, e Dna. María Beatriz del Cerro del Río, en calidade de secretaria da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización desta addenda, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, de común acordo.

EXPOÑEN

I.- Que con data de 19 de novembro de 2024 asinouse o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DA PARCELA SOBRE A VÍA FÉRREA NA RÚA DOCE DE NOVEMBRO.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

II.- Que o convenio asinado, na súa cláusula DÉCIMA, indica que:
"*O investimento obxecto deste convenio deberá estar executado, finalizado e xustificado na data límite do 31 de decembro de 2026.*

No caso de imposibilidade de remate das obras ou xustificación nos prazos referidos, as partes poderán acordar a ampliación dos mesmos ata o 31 de decembro de 2027."

III.- Que a cláusula NOVENA do convenio prevé unha Comisión de Seguimento para o seguimento e coordinación da execución do mesmo, así como para a resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación.

IV.- Que o día 23 de Outubro de 2026 a dita Comisión reúnese con motivo de non ser posible a realización da actuación prevista no prazo de execución e finalización da obra estipulado na cláusula DÉCIMA, isto é, o 31 de decembro de 2026, debido a que, tras a presentación por parte do contratista da renuncia a continuar co contrato, a Xunta de Goberno Local acordou proceder á resolución por mutuo acordo do contrato administrativo das obras, o que obrigou ao Concello a comezar un novo proceso de licitación para completar o acondicionamento da parcela sobre a vía férrea na rúa Doce de Novembro, que terminou coa adxudicación do novo contrato o 20/08/2026 e a súa formalización o 25/08/2026, asinándose a acta de comprobación de replanteo o 28/09/2026 e, ao estar fixado en 4 meses o prazo de duración das obras, resulta inviable o remate das mesmas antes do fin do prazo estipulado no convenio.

A Comisión acorda, por unanimidade, propoñer prorrogar a vixencia do convenio, establecendo o 31 de decembro de 2027 como data límite para a execución, finalización e xustificación da actuación, co obxecto de adecuar o convenio ás necesidades de execución real da obra.

V.- Por todo o anteriormente exposto, ambas as partes manifestan expresamente o seu propósito de asinar unha addenda co obxecto de proceder á adecuación temporal do "Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra para a execución das obras de acondicionamento da parcela sobre a vía férrea na rúa Doce de Novembro" conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- A Deputación Provincial e o Concello de Pontevedra acordan adecuar o prazo de vixencia do "CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DA PARCELA SOBRE A VÍA FÉRREA NA RÚA DOCE DE NOVEMBRO", ampliándose o prazo de execución, finalización e xustificación do investimento ata o día 31 de decembro de 2027.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

SEGUNDA.- En todo o demais, o texto do convenio asinado en data 19 de novembro de 2024 mantense invariable, suxeitándose as partes ao seu clausulado.

E para que así conste, en proba de conformidade, as partes que interveñen asinan a presente addenda na data da sinatura electrónica.
O alcalde-presidente do Concello de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores.
O secretario do Concello de Pontevedra, José Carlos Castiñeira Piñeiro.
O presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, Luís López Diéguez.
A secretaria da Deputación Provincial de Pontevedra, María Beatriz del Cerro del Río"

A sinatura da addenda queda condicionada á aprobación do texto da mesma polo órgano competente do Concello de Pontevedra.

- FACULTAR ao presidente para formalizar a devandita addenda mediante a súa sinatura.
- DARLLE TRASLADO do presente acordo ao Concello de Pontevedra, á Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia e ao Gabinete de Prensa

14.37930.- APROBACIÓN DA ADDENDA PARA PRORROGAR A VIXENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DO VIAL DE CONEXIÓN ENTRE A AVENIDA DE MARÍN E A RÚA DE ROSALÍA DE CASTRO EN PONTEVEDRA (Expte.2024065220)

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

ANTECEDENTES
- Na data 15/11/2024 a Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria, adoptou o acordo núm. 3.34360 polo que se aprobaba o "CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DO VIAL DE CONEXIÓN ENTRE A AVENIDA DE MARÍN E A RÚA ROSALÍA DE CASTRO EN PONTEVEDRA".

- Na data 26/11/2024 asinouse o citado convenio que ten por obxecto a cooperación entre ambas Administracións para levar a cabo as obras do vial de conexión entre a Avenida de Marín e a rúa Rosalía de Castro en Pontevedra, coa finalidade de conseguir un obxectivo de claro interese público e común, consistente en prestar os servizos públicos e cooperar na planificación e execución de proxectos sobre infraestruturas que melloren os servizos a cidadanía, apoiando a transformación da contorna urbana mediante o desenvolvemento de proxectos deseñados cos obxectivos compartidos de implementar medidas de calmado de tráfico, mobilidade amable e sostible e seguranza e calidade medioambiental de Pontevedra.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

- Na cláusula décima do convenio establécese como prazo de execución, finalización e xustificación do investimento a data límite do 31/12/2026. Na dita cláusula tamén se contempla que "No caso de imposibilidade de remate das obras ou xustificación nos prazos referidos, as partes poderán acordar a ampliación dos mesmos ata o 31 de decembro de 2027".
Así mesmo, a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece no seu artigo 49.h) 2.º que "En calquera momento antes da finalización do prazo previsto no apartado anterior, os asinantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción".

- Na data 15/10/2026, mediante rexistro núm. WEB2026077440, o Concello de Pontevedra presenta a solicitude de prórroga do convenio, debido a que o proceso de contratación iniciouse coa publicación do anuncio de licitación o 06/11/2025 e na data 23/07/2026 adxudicouse o contrato de obras, cun prazo de execución de 1 ano. O contrato de obras formalizouse o 25/08/2026 e o 25/09/2026 asinouse a acta de comprobación de trazado de planta, polo que resulta inviable o remate das mesmas antes do fin do prazo estipulado no convenio, isto é 31/12/2026.

- De acordo co anterior, a cláusula novena prevé a constitución dunha Comisión de Seguimento que terá por obxecto o seguimento e coordinación da execución do presente convenio e a resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación. A dita Comisión estará integrada por dous representantes de cada unha das administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358***
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

- Na data 23/10/2026, á vista dos antecedentes e da evolución administrativa do expediente conducente á execución do obxecto do convenio de referencia, reúnense os membros da citada Comisión de Seguimento e acórdase, por unanimidade, tal como se fai constar na acta da mesma (CSV: Y95U0T62ZLQXQFLZ), propoñer prorrogar a vixencia do "CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DO VIAL DE CONEXIÓN ENTRE A AVENIDA DE MARÍN E A RÚA DE ROSALÍA DE CASTRO EN PONTEVEDRA", establecendo como prazo de execución, finalización e xustificación da obra a data límite do 31/12/2027, ante a imposibilidade material de rematar as actuacións obxecto do convenio no prazo previsto no mesmo, isto é, o 31 de decembro de 2026, e adaptar así a redacción da cláusula décima á realidade de execución das obras nel recollidas.

- Toda vez que non consta a aprobación do texto da addenda polo concello de Pontevedra, procede a súa aprobación condicionada á aprobación do mesmo polo órgano competente municipal.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

- Recibida a documentación necesaria por parte do concello de Pontevedra para a tramitación da addenda, o xefe do Servizo de Cooperación na data 26/10/2026 informa a proposta de addenda (CSV: PG3UICY10ATJ7O2S) e, pola súa banda, na data 29/10/2026, a Intervención provincial emite dilixencia de conformidade (CSV: 2ORPSF7IO1M7P26I).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Lexislación aplicable

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Bases de execución do vixente orzamento da Deputación.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra para a execución das obras do vial de conexión entre a Avenida de Marín e a rúa de Rosalía de Castro en Pontevedra.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Consideracións Xurídicas:

Competencia*:*

- Artigo 25.2.d) da LRBRL, atribúe aos municipios competencia en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade. En concordancia co anterior, o artigo 80.2.d) da LALGA atribúe as administracións municipais competencia en materia de pavimentación de vías públicas urbanas.
- Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica aos concellos. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ó conxunto

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo ós seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Procedencia da addenda:

- Artigo 49.f) da LRXSP que recolle como contido mínimo dos convenios os mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos.
- Artigo 49.h.2º) da LRXSP, que establece como regra ao respecto da vixencia dos convenios, que en calquera momento antes da finalización do prazo de vixencia do convenio, os asinantes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais.
- Cláusula Décima do convenio, que indica que, no caso de imposibilidade de remate das obras ou xustificación nos prazos referidos, as partes poderán acordar a ampliación dos mesmos ata o 31 de decembro de 2027.

Réxime competencial

- De conformidade co disposto no artigo 10.4 da LXS, que sinala que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local, en virtude do establecido no artigo 35 da LRBRL e na Base 16º 2 das de execución do Orzamento Provincial, compételle á Xunta de Goberno a autorización e disposición do gasto, e aprobación da addenda ao convenio.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

CONCLUSIÓNS

Por todo o exposto, e en base ás precedentes consideracións e ao interese público que representa esta actuación para a cidade de Pontevedra, da veciñanza e resto de potenciais visitantes da cidade, e visto que o convenio se atopa vixente e que a addenda solicitada non excede dos límites establecidos pola lexislación aplicable, visto que as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros, INFORMO FAVORABLEMENTE a sinatura dunha addenda para ampliar a vixencia do citado convenio, co fin de adecuar os prazos de execución, finalización e xustificación previstos á realidade de execución das obras.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- APROBAR a Addenda para prorrogar a vixencia do Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra para a execución das obras do vial de conexión entre a Avenida de Marín e a rúa de Rosalía de Castro en Pontevedra", cuxo texto literalmente transcrito di como segue:

"ADDENDA PARA PRORROGAR A VIXENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DO VIAL DE CONEXIÓN ENTRE A AVENIDA DE MARÍN E A RÚA DE ROSALÍA DE CASTRO EN PONTEVEDRA

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha banda, D. Luis López Diéguez, na súa condición de presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

E doutra parte, D. Miguel Anxo Fernández Lores, alcalde do Concello de Pontevedra, actuando en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 124.1 e 124.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Actúan D. José Carlos Castiñeira Piñeiro, en calidade de secretario do Concello de Pontevedra, e Dna. María Beatriz del Cerro del Río, en calidade de secretaria da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización desta addenda, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, de común acordo,

EXPOÑEN

I.- Que con data de 26 de novembro de 2024 asinouse o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DO VIAL DE CONEXIÓN ENTRE A AVENIDA DE MARÍN E A RÚA DE ROSALÍA DE CASTRO EN PONTEVEDRA.

II.- Que o convenio asinado, na súa cláusula DÉCIMA, indica que:
"*O investimento obxecto deste convenio deberá estar executado, finalizado e xustificado na data límite do 31 de decembro de 2026.*

No caso de imposibilidade de remate das obras ou xustificación nos prazos referidos, as partes poderán acordar a ampliación dos mesmos ata o 31 de decembro de 2027."

III.- Que a cláusula NOVENA do convenio prevé unha Comisión de Seguimento para o seguimento e coordinación da execución do mesmo, así como para a resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación.

IV.- Que o día 23 de Outubro de 2026 a dita Comisión reúnese con motivo de non ser posible a realización da actuación prevista no prazo de execución e finalización da obra estipulado na cláusula DÉCIMA, isto é, o 31 de decembro de 2026, debido a que o proceso de contratación iniciouse coa publicación do anuncio de licitación o 06/11/2025 e na data 23/07/2026 adxudicouse o contrato de obras, cun prazo de execución de 1 ano. O contrato formalizouse o 25/08/2026 e o 25/09/2026 asinouse a acta de comprobación de trazado de planta, así pois, aínda que as obras xa están executándose, semella inviable que estean rematadas antes do fin do prazo inicial establecido no convenio, isto é 31/12/2026.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

A Comisión acorda, por unanimidade, propoñer prorrogar a vixencia do convenio, establecendo o 31 de decembro de 2027 como data límite para a execución, finalización e xustificación da actuación, co obxecto de adecuar o convenio ás necesidades de execución real da obra.

V.- Por todo o anteriormente exposto, ambas as partes manifestan expresamente o seu propósito de asinar unha addenda co obxecto de proceder á adecuación temporal do "Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra para a execución das obras do vial de conexión entre a Avenida de Marín e a rúa Rosalía de Castro en Pontevedra" conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- A Deputación Provincial e o Concello de Pontevedra acordan adecuar o prazo de vixencia do "CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DO VIAL DE CONEXIÓN ENTRE A AVENIDA DE MARÍN E A RÚA DE ROSALÍA DE CASTRO EN PONTEVEDRA", ampliándose o prazo de execución, finalización e xustificación do investimento ata o día 31 de decembro de 2027.

SEGUNDA.- En todo o demais, o texto do convenio asinado en data 26 de novembro de 2024 mantense invariable, suxeitándose as partes ao seu clausulado.

E para que así conste, en proba de conformidade, as partes que interveñen asinan a presente addenda na data da sinatura electrónica.

O alcalde-presidente do Concello de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores
O secretario do Concello de Pontevedra, José Carlos Castiñeira Piñeiro
O presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, Luís López Diéguez
A secretaria da Deputación Provincial de Pontevedra, María Beatriz del Cerro del Río"

A sinatura da addenda queda condicionada á aprobación do texto da mesma polo órgano competente do Concello de Pontevedra.

- FACULTAR ao presidente para formalizar a devandita addenda mediante a súa sinatura.
- DARLLE TRASLADO do presente acordo ao Concello de Pontevedra, á Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia e ao Gabinete de Prensa.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

15.37931.- PRESTAR A CONFORMIDADE DO PROXECTO REFORMULADO DO INVESTIMENTO DENOMINADO "PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN. CAMPO DE FÚTBOL DO RABEL – SANTIAGO DE OLIVEIRA" DO CONCELLO DE PONTEAREAS, INCLUÍDO NO III PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS (Expte.2026000550)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación Provincial na súa sesión extraordinaria do 30 de setembro de 2025, mediante o acordo número 5.8494, aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, publicadas no BOPPO núm. 189, de 3 de outubro de 2025.

- Mediante Acordo da Xunta de Goberno núm. 9.37319, de data 26/06/2026, concedeuse unha subvención de 185.000,00€ ao Concello de Ponteareas con destino á execución da actuación denominada "Proyecto básico y de ejecución. Campo de fútbol do Rabel - Santiago de Oliveira", ao abeiro do III PEID, cun orzamento de importe 409.998,57€. O financiamento complétase cunha achega municipal de 224.998,57€.

- En data 10/08/2026 o Concello de Ponteareas presenta na sede electrónica da Deputación (núm. Rexistro WEB2026063849), proxecto técnico reformulado, no que o orzamento da actuación mantense con respecto o inicial. O reformulado do proxecto vén dado pola necesidade de corrixir e readaptar algún dos conceptos para adaptalo os condicionantes das autorizacións sectoriais, segundo se pode entender do informe xustificativo presentado polo Concello.

  Revisado o proxecto reformulado presentado polo Concello con CSV: SRBWDCSWYJ55ELT7, emítese informe técnico con CSV: ENR5HQTJ4GI3RA8Z solicitando aclarar os cambios realizados, e o Servizo emite requirimento en data 28/08/2026 con CSV: SVMC60CZWHSCPSTH.

- O Concello resposta ao requirimento en data 22/09/2026 Nº rex. WEB2026072436, achegando unha nova versión do proxecto reformulado asinado a 18/09/2026 e con CSV: KHYWS0QBH6I1SWBK. Sen embargo, a documentación que acompaña este proxecto reformulado, fai referencia a unha data errónea (01/09/2026) de sinatura do proxecto, polo que, á vista da incidencia emitida pola intervención provincial, se emite un segundo requirimento en data 09/10/2026 con CSV: WODFUZ8KB699WPM6 para aclarar se estes informes se adaptan ou non ao proxecto asinado o 18/09/2026.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

- Por último, recíbese resposta do Concello en data 09/10/2026 con nº REX WEB2026076585, que inclúe os informes técnicos municipais facendo referencia ao proxecto asinado en data 18/09/2026. Deste xeito o Concello completa a documentación necesaria para dar cumprimento ós condicionantes establecidos para a modificación da concesión por reformulación do proxecto técnico.
- O técnico facultativo do Servizo de Cooperación emite informe de supervisión favorable do proxecto reformulado, en data 02/11/2026.
- O 02/11/2026 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente a solicitude de reformulado do proxecto e o 03/11/2026 a Intervención provincial informa favorablemente.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (III PEID).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 7ª do III PEID, que indica que lle corresponde o xefe do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358***
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

MODIFICACIÓN DE PROXECTO

- Base reguladora 21ª do III PEID, relativa á modificación das resolucións ou dos acordos de concesión por reformulación dos proxectos técnicos.

RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

Visto que o proxecto reformulado presentado polo Concello de Ponteareas non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.
Visto que o orzamento do novo proxecto mantense respecto do proxecto inicial.
Visto que o proxecto preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no III PEID e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- PRESTAR A CONFORMIDADE ao proxecto técnico reformulado da actuación denominada "Proxecto básico e de execución. Campo de fútbol do Rabel - Santiago de Oliveira" presentado polo Concello de Ponteareas ao abeiro do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, o orzamento da actuación mantense invariable respecto do inicialmente aprobado.

- DAR TRASLADO do presente acordo ao Concello de Ponteareas, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

16.37932.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A. (A-36008886), PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO Á OBRA DE "MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 9101 O GROVE-IGREXA DE SAN VICENTE, DO P.Q. 1+000 Ó P.Q. 2+550 (O GROVE)" (Expte.2022039816) (Devogarán 2026070016)

Por acordo, número 11.32374, adoptado pola Xunta de Goberno celebrada na súa sesión ordinaria, de data 09 de decembro de 2022 (CSV.- ZFDKPKYOZ2KZQVIZ), acordouse, entre outros asuntos, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 9101 O Grove-Igrexa de San Vicente, do P.Q. 1+000 ó P.Q. 2+550 (O Grove)". (Expte.2022039816)

Para garantir a correcta execución deste contrato, a entidade mercantil *CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A. (A-36008886),* constituíu na Tesourería desta Deputación unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do seu prezo de adxudicación, do seguinte xeito:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
CONST. OBRAS Y VIALES, S.A. (A-36008886)	21.147,91€	202200239667	25/11/2022

Resultando que no expediente tramitado ao efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación e Patrimonio (CSV.- 5EK2TEL3DETPHNMV), no cal sinala que "*(…) Finalizado o contrato referido obsérvase que o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais non comunicou ningún vicio ou defecto na súa realización, nin na calidade dos obxectos aos que fai referencia o contrato dos que puidera derivarse responsabilidade algunha por parte do contratista, polo que, transcorrido o prazo de garantía e en virtude do artigo 111.2, da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, o que procede é a súa devolución a fin de evitar futuras reclamacións, por parte do adxudicatario, dos intereses legais correspondentes.* (…)".

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- 3W0CE5GI1LZ90TPC), no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A. *(A-36008886)*, dunha garantía por ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: "Aprobada a liquidación

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución".

A Xunta de Goberno, en base aos informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do contrato relativo á obra de "Mellora da seguridade viaria na E.P. 9101 O Grove-Igrexa de San Vicente, do P.Q. 1+000 ó P.Q. 2+550 (O Grove)". (Expte. 2022039816), sen que existan obrigas pendentes.

SEGUNDO.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A. (CIF: A-36008886), por resultar adxudicataria do citado contrato, que foi a seguinte:

- A constituída mediante seguro de caución emitido pola entidade GENERALI ESPAÑA, S. A. (NIF: A-28007268) "*Certificado de seguro de caución número 2N-G-426.000.005"*, por importe de vinte e un mil cento corenta e sete euros con noventa e un céntimos (21.147,91€), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 25/11/2022, segundo orde e constitución de valores, con número de operación 12024000030694 *(Carta de pago número 202200239667).*

17.37933.- DEVOLUCIÓN DAS GARANTÍA DEFINITIVAS CONSTITUÍDAS POLA EMPRESA GRUNDILA, S.L.. (B-32323370), PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO Á "SUBMINISTRACIÓN E EXECUCIÓN DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE USO TÉRMICO DE BIOMASA NOS CONCELLOS DE CANGAS, A CAÑIZA, PORTAS, REDONDELA, TOMIÑO E VILABOA, CORRESPONDENTES CO EXPEDIENTE FEDER-EELL 2020-004535, FINANCIADOS NUN 80 % POLO FEDER A TRAVÉS DO POCS 2014-2020"(LOTES, 1, 2, 3, 4, 5 e 6). (Expte.2022058096) (Devogarán 2026069159)

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Por acordo, número 20.32398, adoptado pola Xunta de Goberno celebrada na súa sesión ordinaria, de data 10 de marzo de 2023 (CSV.- JE4MAQ30H096ITYZ), adoptouse a adxudicación do contrato relativo a "Renovación das instalacións de uso térmico de biomasa nos concellos de Cangas, A Cañiza, Portas, Redondela, Tomiño e Vilaboa correspondentes co expediente FEDER-EELL 2020-004535 "Instalacións de Biomasa Sostibles I" do IDAE financiados nun 80 % polo FEDER a través do POCS 2014-2020". (Expte. 2022058096)

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Para garantir a correcta execución deste contrato, a entidade mercantil *GRUNDILA, S.L. (B-32323370),* constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do seu prezo de adxudicación, do seguinte xeito:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
GRUNDILA, S.L. (B-32323370)	3.961,40€	202300049006	03/03/2023
	2.284,50€	202300049007	03/03/2023
	4.178,50€	202300049008	03/03/2023
	3.958,75€	202300049009	03/03/2023
	1.397,00€	202300049010	03/03/2023
	1.391,50€	202300049112	03/03/2023

Resultando que no expediente tramitado ao efecto figuran informes emitidos polo Enxeñeiro Técnico Industrial responsable deste contrato, D. Tomás Pérez Vivirido (Colexiado nº 4405) (CSV.- OKVZEZRI1ZOI7CYX, OQFSRNBG3ZTQCUIQ, NORBHCGNX2GEI6MG, NI6J3OVPU3C6CP1N, N1WV7PLK22PUS5R2, NVC3U10LZ2KMNN69), nos cales sinala que "*(...) Transcorrido o prazo de garantía das obras e á vista da obra executada na data actual, que se encontra en funcionamento e sen que presente defectos visibles, desde o punto de vista técnico, se emite este informe favorable á devolución da garantía ao adxudicatario da obra e á liquidación do contrato.* (...)".

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV: M5TRKX5RBPD9A5J3), no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil GRUNDILA, S.L. *(B-32323370)*, dunhas garantías por eses conceptos e por eses importes, e no que igualmente informa favorablemente da devolución destas.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: "Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución".

A Xunta de Goberno, segundo os informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do contrato que regulou a "Renovación das instalacións de uso térmico de biomasa nos concellos de Cangas, A Cañiza, Portas, Redondela, Tomiño e Vilaboa

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

correspondentes co expediente FEDER-EELL 2020-004535 "Instalacións de Biomasa Sostibles I" do IDAE, financiados nun 80 % polo FEDER a través do POCS 2014-2020" (Núm. Expte. 2022058096), sen que existan obrigas pendentes.

SEGUNDO.- Proceder á devolución das garantías definitivas presentadas pola entidade mercantil GRUNDILA, S.L. (CIF.- B-32.323.370), por resultar adxudicataria deste contrato, que foron as seguintes:

- A constituída mediante aval emitido pola entidade financeira BANKINTER, S.A. (NIF: A-28157360) *(Aval inscrito no Rexistro Especial de Avais, co número 0543672)*, por importe de tres mil novecentos sesenta e un euros con corenta céntimos (3.961,40€), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 03/03/2023, segundo orde e constitución de valores, con número de operación 12024000030740 (Carta de Pago número 202300049006).
- A constituída mediante aval emitido pola entidade financeira BANKINTER, S.A. (NIF: A-28157360) (Aval inscrito no Rexistro Especial de Avais, co número 0543673), por importe de dous mil douscentos oitenta e catro euros con cincuenta céntimos (2.284,50€), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 03/03/2023, segundo orde e constitución de valores, con número de operación 12024000030741 (Carta de Pago número 202300049007).
- A constituída mediante aval emitido pola entidade financeira BANKINTER, S.A. (NIF: A-28157360) (Aval inscrito no Rexistro Especial de Avais, co número 0543675), por importe de catro mil cento setenta e oito euros con cincuenta céntimos (4.178,50€), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 03/03/2023, segundo orde e constitución de valores, con número de operación 12024000030742 (Carta de Pago número 202300049008).
- A constituída mediante aval emitido pola entidade financeira BANKINTER, S.A. (NIF: A-28157360) (Aval inscrito no Rexistro Especial de Avais, co número 0543676), por importe de tres mil novecentos cincuenta e oito euros con setenta e cinco céntimos (3.958,75€), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 03/03/2023, segundo orde e constitución de valores, con número de operación 12024000030743 (Carta de Pago número 202300049009).
- A constituída mediante aval emitido pola entidade financeira BANKINTER, S.A. (NIF: A-28157360) (Aval inscrito no Rexistro Especial de Avais, co número 0543677), por importe de mil trescentos noventa e sete euros (1.397,00€), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 03/03/2023, segundo orde e constitución de valores, con número de operación 12024000030744 (Carta de Pago número 202300049010).

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

- A constituída mediante aval emitido pola entidade financeira BANKINTER, S.A. (NIF: A-28157360) *(Aval inscrito no Rexistro Especial de Avais, co número 0543678)*, por importe de mil trescentos noventa e un euros con cincuenta céntimos (1.391,50€), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 03/03/2023, segundo orde e constitución de valores, con número de operación 12024000030745 *(Carta de Pago número 202300049112).*

18.37934.- RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS (Expte. 2026076278)

Vista a relación de operacións con número 2026076278 (CSV: MTAZS704UAH9W4C3) que contén 4 operacións por un importe de 29.492,75 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario .....29.492,75 €
IVE soportable deducible ..... 0,00 €
Retencións ..... 0,00 €
Total líquido.....29.492,75 €

19.37935.- CAMBIO DE ACTIVIDADE DA AXUDA CONCEDIDA Á SOCIEDADE DE CAZA SERRA DO GALIÑEIRO (Expte.2026027332)

Na Xunta de Goberno do 7 de agosto de 2026, número de acordo 12.37512, aprobouse a concesión dunha axuda económica, por concorrencia competitiva, á Sociedade de Caza Serra do Galiñeiro, por un importe de 1.256,00 € sobre un orzamento de 1.570,00 €, destinada ao pago do seguro do TECOR, rozas no mato e sementeira de pasto.

Con data 26/10/2026, recíbese escrito de Manuel Iglesias Noya en calidade de representante da Sociedade Serra do Galiñeiro, solicitando un cambio nas actuacións subvencionables, argumentando que, por un lado, debido aos incendios pasados que asolaron parte do TECOR a vexetación aínda non medrou o suficiente como para realizar as labores de roza, e, por outro lado, a falta de identificación de propietarios e a reticencia dos propietarios identificados a realizar tanto rozas como sementeiras, dificulta a execución destas actuacións.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358***
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Os cambios consisten na realización de biótopos para a aclimatación dos coellos tendo en conta que a vexetación é óptima para a súa alimentación, e beneficiando así as poboacións de coellos no TECOR, cun importe de 1.000,00 €, mantendo o pago do seguro do TECOR, cun importe de 570,00€.
Porén, o orzamento total tendo en conta o cambio ascende a 1.570,00 €, sendo igual ao orzamento presentado inicialmente, polo que a contía da subvención non sufrirá modificación.

Vistos os informes da xefa do Servizo de Medio Ambiente do 27/10/2026 e da Intervención do 29/10/2026 en relación ao cambio de actividade, a restante documentación que figura no expediente, e considerando o disposto nas Bases de execución do vixente Orzamento da Deputación de Pontevedra.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar o cambio de actividade solicitado pola Sociedade de Caza Serra do Galiñeiro, NIF G36944163, sen variación do importe total, 1.570,00€, con cargo á aplicación orzamentaria 26/410.4190.489.01.

20.37936.- APROBACIÓN POLO PROCEDEMENTO DE RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO DO ABOO DE SUBVENCIÓNS PARA A REDACCIÓN DE PROXECTOS DE RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS E CREACIÓN DE SENDAS PEONÍS E/OU CICLABLES NOS CONCELLOS DA REDE ÁGORA (CONCELLO CERDEDO COTOBADE). (Expte.2022045964)

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Primeiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión de data 13 de maio de 2022 acordou a aprobación das Bases Reguladoras para a convocatoria de subvencións para a redacción de proxectos de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís e/ou ciclables nos concellos da Rede Ágora, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 96, de data 20 de maio de 2022. Este plan elabórase para dar cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e colaborar cos concellos na recuperación do espazo público en favor das persoas.

Segundo.- A Xunta de Goberno na súa sesión de data 2 de decembro de 2022 adxudicoulle ao Concello de Cerdedo-Cotobade unha subvención por un importe máximo de 15.246,00 € destinada á redacción do proxecto de" Recuperación do espazo para uso peonil no entorno da Igrexa de Santa María De Sacos" Esta subvención financiarase, de acordo coa base terceira da convocatoria, con cargo á aplicación 26/456.9420.762.10.2022.

Terceiro.- En data 29 de febreiro de 2024 o Concello de Cerdedo-Cotobade remite o proxecto técnico e informe técnico cos rexistros WEB2024013697 e WEB2024013699.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Cuarto.- En data 8 de marzo de 2024 os servizos técnicos da Deputación de Pontevedra emiten informe de validación técnica desfavorable respecto das bases.(CSV: 7ZFYJMHUORQ9DXPB).

Quinto.-En data 22 de abril de 2024 o Concello de Cerdedo-Cotobade co rexistro WEB2024026609 remite proxecto e informe técnico emendado o requirido.

Sexto.- En data 3 de maio de 2024 os servizos técnicos da Deputación de Pontevedra emiten informe de validación técnica desfavorable respecto das bases.(CSV: YW9XSPHLSQDG32RI).

Sétimo.- En data 6 de maio de 2024 o Concello de Cerdedo Cotobade co rexistro WEB2024029383 remite o informe técnico emendado o requirido.

Oitavo.-En data 7 de maio de 2024 os servizos técnicos da Deputación de Pontevedra emiten informe de validación técnica favorable respecto das bases.

Noveno.-En data 24 de xuño de 2024, o Concello de Cerdedo Cotobade co rexistro WEB2024041772 completa a remisión da documentación xustificativa para o abono da subvención para a redacción de proxectos de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos dos concellos da rede Ágora.

Décimo.- Recibida a devandita documentación en prazo polo Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, compróbase que esta inclúe, de acordo coas bases décimo cuarta e décimo quinta da convocatoria, a documentación relativa á aprobación do proxecto e dos gastos polo órgano municipal competente, as facturas correspondentes, a conta xustificativa e a certificación do conxunto de axudas concedidas para a mesma finalidade. Non consta, porén, a acreditación da difusión da colaboración da Deputación na actividade subvencionada.

Décimo primeiro.-En data 29 de maio de 2026 requiriuse ao Concello acreditación da difusión da colaboración da Deputación.

Décimo segundo.-O Concello remite documentación solicita en data 2 de xuño de 2026 co rexistro WEB2026047485.

Décimo terceiro.-En data 10 de agosto de 2026 requiriuse ao Concello certificado aprobación do proxecto no prazo indicado na base décimo quinta.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Décimo cuarto.-En data 12 de agosto de 2026 co rexistro WEB2026064308 remite contestación ao requirimento co seguinte teor literal: *"A tardanza na aprobación do citado proxecto debeuse a retrasos non imputables a esta administración, xa que para poder facer a aprobación do mesmo, tívose que solicitar e agardar a autorización sectorial pertinente da xefatura territorial de Patrimonio, o que provocou que se dilátase no tempo esta aprobación."*

Décimo quinto.-En data 25 de agosto de 2026 os servizos técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais emiten informe (CSV: NJA4KSTB8XBOQ40A) de non imputabilidade ao Concello de Cerdedo Cotobade do atraso na aprobación do proxecto.

Unha vez revisados os gastos xustificados, compróbase que estes ascenden a un total de 16.740,00€ (IVE incluído).

De acordo coas bases da convocatoria nas que se lle concedía a subvención por un máximo do 90% do gasto xustificado, cun importe máximo de custos de redacción estimados en 15.246,00 €.
O Concello de Cerdedo Cotobade xustificou finalmente un gasto total de 16.740,00 € e a esta cantidade corresponderíalle o cobro da antedita subvención por un importe total de 15.066,00 €.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358***
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Por todo o anteriormente exposto, emítense as seguintes CONCLUSIÓNS:

- Visto que o Concello de Cerdedo Cotobade presentou, en prazo e forma, a documentación para a xustificación da subvención concedida para a redacción de proxectos de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís e/ou ciclables nos concellos da Rede Ágora.
- Visto que non se comprobou en prazo a conformidade da xustificación presentada polo servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- Vistos os antecedentes expostos e a dilixencia de intervención,

De acordo co exposto, considerando que o órgano competente para a aprobación da xustificación do gasto polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito é a Xunta de Goberno,

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial do gasto correspondente á subvención concedida ao Concello de Cerdedo Cotobade para a redacción do proxecto "Recuperación do espazo para uso peonil no entorno da Igrexa de Santa María de Sacos", por importe de 15.066,00 €, con cargo á aplicación 26/456.9420.762.10.2022 do orzamento.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Segundo.- Notificar o presente acordo ao Concello de Cerdedo Cotobade, Intervención e ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais para os efectos oportunos.

21.37937.- APROBACIÓN POLO PROCEDEMENTO DE RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO DO ABOO DE SUBVENCIÓNS PARA A REDACCIÓN DE PROXECTOS DE RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS E CREACIÓN DE SENDAS PEONÍS E/OU CICLABLES NOS CONCELLOS DA REDE ÁGORA (CONCELLO CERDEDO COTOBADE). (Expte.2023004002)

Primeiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión de data 13 de maio de 2022 acordou a aprobación das Bases Reguladoras para a convocatoria de subvencións para a redacción de proxectos de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís e/ou ciclables nos concellos da Rede Ágora, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 96, de data 20 de maio de 2022. Este plan elabórase para dar cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e colaborar cos concellos na recuperación do espazo público en favor das persoas.

Segundo.- A Xunta de Goberno na súa sesión de data 29 de decembro de 2023 adxudicoulle ao Concello de Cerdedo Cotobade unha subvención por un importe máximo de 16.226,10 € (o que supón o 90% respecto dunha estimación de gasto de 18.029,00 €). Esta subvención financiarase, de acordo coa base terceira da convocatoria, con cargo á aplicación 25/456.9420.762.10.2022.

Terceiro.- De conformidade co establecido nas bases reguladoras da convocatoria, as entidades beneficiarias debían acreditar a adxudicación do contrato menor ou, de ser o caso, o inicio da tramitación do procedemento de contratación correspondente á actuación subvencionada.

Cuarto.- Ao non constar dita documentación no expediente, mediante requirimento da Deputación de data 28 de outubro de 2024 solicitouse ao Concello de Cerdedo Cotobade a achega da resolución de adxudicación do contrato ou da documentación acreditativa do inicio do procedemento de contratación.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Quinto.- En resposta ao requirimento, o Concello de Cerdedo Cotobade presentou escrito con rexistro de entrada WEB2024071884, de data 20 de novembro de 2024, ao que se achegou documentación para a súa valoración.

Sexto.- Examinada a documentación remitida, consta un informe da Intervención municipal no que se fai referencia á tramitación dun expediente de suplemento de crédito para consignar a achega municipal destinada a diversos proxectos subvencionados, entre eles o correspondente ao expediente 2023004002. Non obstante, da documentación examinada non resulta acreditada a

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

resolución de adxudicación do contrato nin o inicio do procedemento de contratación nos termos requiridos. Circunstancia que resultou posteriormente acreditada coa documentación xustificativa presentada en xaneiro de 2025

Sétimo.- En datas 13 e 17 de xaneiro de 2025, o Concello de Cerdedo Cotobade, cos rexistros WEB2025002028, WEB2025003113 e WEB2025003118, remite a documentación xustificativa para o abono da subvención para a redacción de proxectos de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís e/ou ciclables nos concellos da Rede Ágora. Recibida a devandita documentación en prazo polo Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, compróbase que esta inclúe, de acordo coas bases décimo cuarta e décimo quinta da convocatoria, o seguinte:

- Resolución de adxudicación do contrato menor para a redacción do proxecto, aprobada en data 20/12/2024.
- Anteproxecto e proxecto técnico.
- Informe técnico municipal acreditativo do cumprimento dos requisitos establecidos na base reguladora cuarta.
- Factura emitida por CONSULTORIA INRUPRE, S.L.
- Certificación de aprobación dos gastos e do pagamento da factura.
- Conta xustificativa segundo o modelo provincial.
- Acreditación da difusión da colaboración da Deputación.
- Xustificante bancario acreditativo do pagamento.

A documentación presentada polo Concello de Cerdedo Cotobade resulta incompleta de cara á correcta xustificación da subvención.

Oitavo.- En data 3 de marzo de 2025 os servizos técnicos da Deputación de Pontevedra emitiron informe de adecuación técnica desfavorable, ao apreciarse determinadas deficiencias relativas ao cumprimento dos anchos mínimos esixidos para os itinerarios peonís previstos nas bases reguladoras.

Noveno.- En data 18 de marzo de 2025 o Concello de Cerdedo-Cotobade presentou, cos rexistros WEB2025019164 e WEB2025019168, unha versión corrixida do proxecto técnico para dar cumprimento ás observacións formuladas no informe técnico provincial.

Décimo.- Examinada a nova documentación presentada, os servizos técnicos da Deputación emitiron informe favorable de adecuación técnica ao considerar que o proxecto cumpre os parámetros, criterios e requisitos establecidos nas bases reguladoras da convocatoria.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Décimo primeiro.- O informe favorable foi notificado ao Concello de Cerdedo-Cotobade o día 6 de maio de 2025, abríndose o prazo previsto na base décimo quinta para a aprobación municipal do proxecto e a remisión da documentación complementaria necesaria para o aboamento da subvención.

Décimo segundo.- Mediante acordo do Pleno do Concello de Cerdedo Cotobade, de data 29 de decembro de 2025, aprobouse o proxecto denominado "Recuperación do espazo para uso peonil no núcleo de Viascón no Concello de Cerdedo Cotobade (Pontevedra)".

Décimo terceiro.- En data 12 de xaneiro de 2026 o Concello de Cerdedo Cotobade presentou a documentación complementaria requirida para a tramitación do aboamento da subvención, incluído informe da Intervención municipal relativo á subvención concedida.

Unha vez revisados os gastos xustificados, compróbase que estes ascenden a un total de 17.968,50€ (IVE incluído).

De acordo coas bases da convocatoria nas que se lle concedía a subvención por un máximo do 90% do gasto xustificado, cun importe máximo de custos de redacción estimados en 18.029,00 €.
O Concello de Cerdedo-Cotobade xustificou finalmente un gasto total de 17.968,50 € e a esta cantidade corresponderíalle o cobro da antedita subvención por un importe total de 16.171,65 €.

Por todo o anteriormente exposto, emítense as seguintes CONCLUSIÓNS:

- Visto que o Concello de Cerdedo Cotobade presentou, en prazo e forma, a documentación para a xustificación da subvención concedida para a redacción de proxectos de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís e/ou ciclables nos concellos da Rede Ágora.
- Visto que non se comprobou material e formalmente, a conformidade da xustificación presentada, co alcance esixido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.
- Vistos os antecedentes expostos e a dilixencia de intervención.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:
Primeiro.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial do gasto correspondente á subvención concedida ao Concello de Cerdedo Cotobade para a redacción do proxecto "Recuperación de espazo para uso peonil no núcleo de Viascón", por importe de 16.171,65 €, con cargo á aplicación 26/456.9420.762.10.2022 do orzamento.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Segundo.- Notificar o presente acordo ao Concello de Cerdedo Cotobade, Intervención e ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais para os efectos oportunos.

22.37938.- RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO DO GASTO CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA Á COMUNIDADE DE USUARIOS TRAÍDA DE AUGAS DE PARADA PARA O INVESTIMENTO "OBRAS DE MELLORA NAS INFRAESTRUTURAS DA COMUNIDADE DE USUARIOS DA TRAÍDA DE AUGAS DE PARADA" INCLUÍDO NO PROGRAMA +AQUA 2025. (Expte.2025015424)

No expediente conta o informe da xefatura do Servizo de Cooperación, que literalmente se transcribe:

"Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 13 de decembro de 2024, aprobou as "Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025)", publicadas no BOPPO núm. 247, do 20 de decembro de 2024, co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas.

Segundo.- Mediante o acordo da Xunta de Goberno número 7.35790 de data 21/11/2025, concedeuse unha subvención, ao abeiro do programa +AQUA 2025, por importe de 10.000,00 euros á comunidade de usuarios traída de augas de Parada co obxecto do financiamento do investimento "obras de mellora nas infraestruturas da comunidade de usuarios da traída de augas de parada", en base a un orzamento de 11.143,11 euros.

Terceiro.- En data 19/05/2026 e con número de rexistro WEB2026043587, dentro do prazo establecido na convocatoria, ten entrada na Sede Electrónica da Deputación a documentación requirida nas bases reguladoras para a xustificación da axuda concedida, correspondente ao investimento "obras de mellora nas infraestruturas da comunidade de usuarios da traída de augas de Parada", e solicitan o libramento da axuda económica correspondente. En data 25/06/2026 a facultativa técnica presta a súa conformidade á xustificación achegada, documento con CSV: WNN3YESHSW8ILIIK.

Cuarto.- En data 02/11/2026 a comunidade de usuarios fai entrega da última documentación necesaria para completar a xustificación da actuación mencionada.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Quinto.- Dado que a comunidade de usuarios traída de augas de Parada, con CIF G36446722, presentou toda a documentación xustificativa e visto que se comprobou e se deu conformidade á mesma, para non prexudicar á entidade beneficiaria, corresponde o pago de 10.000,00 euros polo recoñecemento extraxudicial de crédito debido á excesiva dilatación na tramitación do expediente contra a aplicación 26/942.4590.789.07.25 na que se autorizou e comprometeu o gasto, competéndolle á Xunta de Goberno a súa aprobación.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica.
O xefe do servizo de Cooperación
Marcos Areán González"

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Intervención Provincial de data 04/11/2026 e da xefatura do Servizo de Cooperación de data 04/11/2026, a Xunta de goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o recoñecemento extraxudicial da obriga e o pagamento da cantidade de 10.000,00€ a favor da Comunidade de usuarios traída de augas de Parada, con CIF G36446722, ao abeiro do programa +AQUA 2025, contra a aplicación 2026/942.4590.789.07.25, na que se autorizou e comprometeu o gasto.

2. Dar traslado do presente acordo á Comunidade de usuarios traída de augas de Parada, á Intervención Provincial e ao Servizo de Cooperación.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

23.37939.- <u>DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POR FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS FRONTE AO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DO 24 DE XULLO DE 2026 POLO QUE SE DESESTIMA A SÚA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS (convocatoria csx_a/26). (Expte. 2026017040)</u>

Dada conta do recurso de reposición interposto en tempo e forma por José Ramón Santamaría Barreiro, en representación de Fundación Provincial Banco de Alimentos, fronte ao acordo da Xunta de Goberno de 24 de xullo de 2026, polo que se desestimou a súa solicitude de subvención para a adquisición de vehículos directamente vinculados ao desenvolvemento da súa actividade social no ano 2026.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Visto o informe da Xefa do Servizo de Benestar Social, de data 31 de agosto de 2026 (CSV: T3J2NIK64K3HLJ9P), no que se indica:

"(...) CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS
Primeira.- A base cuarta da convocatoria establece os requisitos que debían cumprir as entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para solicitar as subvencións, entre outros:

a) Estar inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Xunta de Galicia , regulado no Decreto 254/2011, de 23 de decembro, como titulares ou xestoras de centros ou programas de servizos sociais nas áreas de inclusión, maiores e/ou discapacidade. En caso de que a información que conste neste rexistro non estivese actualizada, a entidade solicitante deberá comunicalo e achegar a información necesaria.

Da documentación que consta no expediente despréndese que, no momento de presentación da solicitude, a FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS non figuraba inscrita no RUEPSS en ningunha das áreas expresamente previstas na base cuarta, constando a súa inscrición nunha área distinta.

En consecuencia, na data de presentación da solicitude a entidade non acreditaba o cumprimento do requisito establecido na citada base cuarta.

As bases reguladoras da convocatoria constitúen a norma que rexe o procedemento de concesión das subvencións e establecen as condicións que deben reunir as entidades solicitantes para poder acceder á condición de beneficiarias. Polo tanto, a Administración debe comprobar o cumprimento dos requisitos nos termos e no momento establecidos polas propias bases, sen que poida prescindir deles ou modificalos durante a tramitación do procedemento.

Segunda.- Durante a instrución do procedemento, o Servizo de Benestar Social procedeu á comprobación da inscrición da entidade no RUEPSS, resultando que a FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS non se atopaba inscrita nas áreas previstas na base cuarta da convocatoria.

A propia base cuarta contempla expresamente o suposto de que a información que consta no RUEPSS non estea actualizada, establecendo neste caso unha obriga para a entidade solicitante: comunicalo e achegar a información necesaria.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Esta previsión non pode interpretarse como unha habilitación para que a entidade poida adquirir con posterioridade á presentación da solicitude un requisito que non concorría nese momento, senón como unha previsión destinada a que, cando exista unha discrepancia entre a situación real da entidade e a información que consta no rexistro, esta circunstancia sexa posta en coñecemento da Administración no momento de presentar a solicitude e sexa debidamente acreditada.

No presente caso, a entidade non comunicou na súa solicitude que os datos que constaban no RUEPSS non estivesen actualizados, nin achegou nese momento documentación acreditativa dunha eventual actualización ou dun procedemento iniciado para modificar a súa inscrición.

A comunicación efectuada posteriormente, durante o trámite de alegacións fronte á resolución provisional, non pode producir efectos retroactivos nin converter en cumprido un requisito que non se acreditaba no momento de presentación da solicitude.

Terceira.- Conforme á documentación que consta no expediente, a FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS solicitou con data 25 de xuño de 2026 a ampliación das áreas de inscrición no RUEPSS.

Posteriormente, con data 1 de xullo de 2026, a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia estimou procedente a ampliación das actividades da entidade á área de inclusión.

Esta circunstancia pon de manifesto que a entidade foi posteriormente inscrita na área requirida pola convocatoria. Non obstante, a resolución administrativa de 1 de xullo de 2026 é posterior tanto á presentación da solicitude de subvención como á propia solicitude de ampliación das áreas no RUEPSS.

Polo tanto, a citada resolución acredita a modificación da situación rexistral da entidade a partir da súa adopción, pero non permite considerar acreditado que a entidade estivese inscrita na área de inclusión no momento de presentar a solicitude de subvención, nin durante o período de solicitude da subvención, desde o día 06/02/2026 ata o 05/03/2026.

Do mesmo xeito, a posterior actualización do RUEPSS non emenda a falta de comunicación prevista expresamente na base cuarta, xa que a entidade non comunicou na súa solicitude que a información que figuraba no rexistro non estivese actualizada nin achegou nese momento a información necesaria para acreditar tal circunstancia.
Debe distinguirse, por tanto, entre a posterior regularización ou actualización da situación rexistral e o cumprimento dos requisitos esixidos pola convocatoria no momento relevante para acceder á mesma. A primeira non determina automaticamente o cumprimento retroactivo do segundo.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

En consecuencia, a resolución da Consellería de Política Social de 1 de xullo de 2026 non desvirtúa a conclusión alcanzada durante a instrución do procedemento, segundo a cal, na data de presentación da solicitude, a entidade non figuraba inscrita nas áreas esixidas pola base cuarta nin comunicara a existencia dunha información rexistral desactualizada nos termos previstos na mesma.
Cuarta.- A documentación achegada pola entidade durante o procedemento permite acreditar que iniciou posteriormente as actuacións necesarias para actualizar a súa inscrición no RUEPSS. Porén, tales actuacións non poden considerarse unha mera subsanación documental dun requisito xa existente no momento de presentación da solicitude.

Neste caso, non se trata unicamente de que a entidade omitise achegar un documento acreditativo dunha inscrición que xa constaba no RUEPSS, senón de que, na data de presentación da solicitude, non figuraba inscrita nas áreas expresamente esixidas pola convocatoria e a solicitude de ampliación da inscrición foi presentada con posterioridade.

A actualización posterior modifica unha circunstancia rexistral da entidade, pero non pode producir, por si mesma, efectos retroactivos respecto do cumprimento dos requisitos de acceso establecidos na convocatoria.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Admitir unha interpretación contraria suporía permitir que as entidades solicitantes puidesen modificar durante a tramitación as condicións inicialmente esixidas para acceder á convocatoria, alterando as condicións de concorrencia respecto do resto das entidades solicitantes que cumpriron os requisitos dentro do prazo establecido.

Quinta.- Neste caso, non nos atopamos ante un mero defecto formal na documentación achegada para acreditar un requisito que xa concorría, senón ante a falta de acreditación, no momento esixible, dun requisito obxectivo establecido nas bases reguladoras.

Por conseguinte, a posterior actualización rexistral non pode considerarse unha simple emenda documental dun requisito preexistente, senón unha modificación da situación rexistral da entidade producida con posterioridade á presentación da solicitude.

Sexta.- Tampouco se aprecia vulneración do principio de eficacia administrativa.
A Administración provincial valorou a totalidade da documentación incorporada ao expediente e tivo en consideración a actualización do RUEPSS comunicada pola entidade. Non obstante, dita documentación non permite acreditar que o requisito esixido pola base cuarta concorrese no momento relevante para determinar a admisión da solicitude.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

O feito de que a documentación fose incorporada ao expediente antes de ditarse a resolución definitiva non determina que poida atribuírse eficacia retroactiva a unha inscrición rexistral posterior.
A actuación administrativa limitouse, polo tanto, á aplicación das condicións establecidas nas bases reguladoras da convocatoria, sen que poida substituírse o cumprimento dos requisitos establecidos nestas por unha valoración discrecional da actividade social desenvolvida pola entidade.

NORMATIVA APLICABLELei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

- *R.D. 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*
- *Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*
- *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.*
- *Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.*
- *Bases de subvencións a entidades de iniciativa social da provincia de Pontevedra para a adquisición ou adaptación de vehículos directamente vinculados ao desenvolvemento da súa actividade social no ano 2026.*

CONCLUSIÓNS
Por todo o exposto, considérase que a FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS con NIF G36899375, non cumpría os requisitos establecidos na base cuarta da convocatoria na data correspondente e, en consecuencia, procede desestimar o recurso presentado e manter a resolución de exclusión da entidade da convocatoria."

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358***
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Vista a dilixencia de conformidade da Intervención de 22 de setembro de 2026, respecto do informe-proposta da Xefa do Servizo de Benestar Social, así como a sinatura de conformidade da Secretaría Xeral de data 2 de novembro de 2026.

De acordo co disposto no artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma, tal e como acontece no presente expediente respecto do informe anteriormente sinalado, cuxo contido se acepta na súa integridade.
Conforme ao sinalado no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, o órgano competente para a resolución do presente recurso é a Xunta de Goberno.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Vistos os preceptos invocados e demais de xenérica e pertinente aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Prestar conformidade ao informe da Xefa do Servizo de Benestar Social de 31 de agosto de 2026 anteriormente transcrito, e na súa consecuencia desestimar o recurso de reposición interposto por José Ramón Santamaría Barreiro en representación da entidade Fundación Provincial Banco de Alimentos fronte o acordo da Xunta de Goberno de 24 de xullo de 2026 polo que se desestimou a súa solicitude de subvención para a adquisición de vehículos directamente vinculados ao desenvolvemento da súa actividade social no ano 2026.

24.37940.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACION BANDA DE MUSICA POPULAR DE TUI PARA A SUBVENCIÓN "LIÑA 2: INTERCAMBIO CULTURAL DA BANDA DE TUI EN ALICANTE: DIVULGACIÓN DO PATRIMONIO GALEGO" DO CONCELLO DE TUI, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO de 14/08/2026. (Expte.2026045319)

Antecedentes:
Primeiro A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 27 de febreiro de 2026, aprobou as "bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais, ano 2026" (Acordo núm. 6.36132) publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 46 de 9 de marzo de 2026.

Segundo.- En data 09 de abril de 2026, David González dos Anxos, en representación da ASOCIACION BANDA DE MUSICA POPULAR DE TUI (NIF: G36153344) presenta solicitude para "Liña 2: Intercambio cultural da banda de Tui en Alicante: divulgación do patrimonio galego", achegando un orzamento para a realización da actividade por importe de 15.672,94 €.

Terceiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 14 de agosto de 2026 (Acordo núm. 11.37542) acordou concederlle á ASOCIACION BANDA DE MUSICA POPULAR DE TUI, do concello de Tui (NIF: G36153344) unha subvención de 1.631,83 € para "Liña 2: Intercambio cultural da banda de Tui en Alicante: divulgación do patrimonio galego" con cargo á aplicación orzamentaria 26/330.3340.489.05 do vixente orzamento provincial.

Cuarto.- Con data 28 de outubro de 2026 e número de rexistro WEB2026079810, a ASOCIACION BANDA DE MUSICA POPULAR DE TUI de Tui, presenta renuncia á subvención concedida no seu día, motivada porque recibiu comunicación telefónica na que se informou de que a documentación xustificativa presentada para a subvención non conta coa conformidade do Servizo de Intervención, e tendo en conta os reparos formulados por este departamento, a entidade acorda renunciar á subvención concedida.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):GO3JNTJKQT76N56Q

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 20/11/2026 11:49

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 20/11/2026 11:19

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación en data 28 de outubro de 2026 fiscalízase de xeito favorable a renuncia presentada pola ASOCIACION BANDA DE MUSICA POPULAR DE TUI (NIF: G36153344) documento con CSV: ZJ6S2FCKG11ZP42O.

Fundamentos:
Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 e ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
